

PROXECTO XEA-CLÍO

Democracias contra dictaduras




Uxío Cortés Couelo

Xerardo Fentanes Rodríguez

Xavier Fernández Nogueira

Josefa González Iglesias

Antonio Vázquez Vázquez



XERAIS



PROXECTO XEA-CLÍO

Democracias contra dictaduras



Uxío Cortés Couelo
Xerardo Fentanes Rodríguez
Xavier Fernández Nogueira
Josefa González Iglesias
Antonio Vázquez Vázquez

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



Maquetación:

Ramón Domínguez

Capa:

Miguel Vigo

Colaboradores:

Robert Cerdá Manuel
Mercedes Delgado Asensio
Gerard Martínez Martínez
Vicent Plà i Vivas

© Uxío Cortés Couselo, Xerardo Fentanes Rodríguez, Xavier Fernández Nogueira,
Josefa González Iglesias, Antonio Vázquez Vázquez, 2000

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2000
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

ISBN: 84-8302-506-X

Depósito Legal: VG. 215-2000
Printed in Spain
Impreso en Gráficas Numen
Velázquez Moreno, 16
36201 Vigo

Agradecemos á editorial Nau Llibres as facilidades proporcionadas para realizar esta edición galega.
Este caderno é a versión galega do proxecto Xea-Clío
do que é propiedade, na súa versión orixinal castelán, a editorial Nau Llibres.

Reservados todos los derechos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución,
plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada
a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

I. O ESTALIDO DA CRISE

1. INTRODUCCIÓN. A FORMULACIÓN DUN PROBLEMA:
¿COMO VIVIR MELLOR EN SOCIEDADE? 5
Os felices anos e o estalido do vello mundo
2. A CRISE DO 29 (1929-32) 8
Elementos e factores que provocan a crise: a especulación
e o endebedamento masivo
A modo de resumo: recapitulación de problemas
3. UNHA SOLUCIÓN COOPERATIVA DA CRISE:
TODOS ARRIMÁMO-LO OMBREIRO, O *NEW DEAL* 13
Características do *New Deal*
4. UNHA SOLUCIÓN EXPLOTADORA PARA A CRISE:
SALVARSE A CONTA DOS DEMAIS: OS FASCISMOS 16
A. ¿Somos iguais e témo-los mesmos dereitos humanos?
B. Tres características básicas do pensamento fascista
C. A solución fascista contra o paro
5. ¿PÓDENSE IMPOÑE-LOS DEREITOS? OUTRA SOLUCIÓN Á CRISE:
A DICTADURA COMUNISTA 21
A. As luces. Os logros económicos
B. As sombras. A dictadura en acción
6. A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29.
A IIª GUERRA MUNDIAL 24
A. Solucións económicas diferentes á crise supoñen formas diferentes
de vivir e morrer
B. O desencadeamento do conflito: a II Guerra Mundial
C. Unha nova maneira de vivir: as consecuencias da guerra

II. VELLAS PROBLEMAS E NOVAS SOLUCIÓNS

7. O REMATE DUNHA ILUSIÓN: MENTIRA, DICTADURA E REPRESIÓN:
O GULAG COMUNISTA 37
A. A formación do imperio soviético despois da II Guerra Mundial
B. A evolución sociopolítica da URSS
C. A esperanza vive fóra. A revolución exportada. 1953-68
D. O veo rachado: o Gulag
E. A mentira como política: a destrucción das liberdades individuais
8. O ESTADO DO BENESTAR. EVOLUCIÓN DO CAPITALISMO
NA EUROPA OCCIDENTAL E NOS EE.UU 46
A. O *American way of live*
B. A reconstrucción de Europa. O Plan Marshall
C. A sociedade de consumo
D. O estado do benestar
9. SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO.
CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL 62
A. O principio da fin. ¿Era a URSS unha sociedade igualitaria?
B. Buscando as razóns internas dun fracaso
C. Moitas razóns para explica-lo remate do comunismo

“Un”

INTRODUCCIÓN. A FORMULACIÓN DUN PROBLEMA:
¿COMO VIVIR MELLOR EN SOCIEDADE?

«Agora non temos nada –dixo o pai–. Vén un longo tempo en que non teremos traballo, non haberá colleitas. ¿Que imos facer entón? ¿Como nos amañaremos para comer? A verdade é que as cousas se poñen tan feas que me amola pensar niso. Póño-me a remexer no pasado para non pensar. Parece que a nosa vida está a rematar definitivamente.»

J. Steinbeck, *As uvas da ira*

Os felices anos 20 e o estalido do vello mundo.
Recoñece-los elementos dunha crise

Documento 1



Documento 2




INTRODUCCIÓN. A FORMULACIÓN DUN PROBLEMA: ¿COMO VIVIR MELLOR EN SOCIEDADE?

1

Comenta os dous documentos gráficos anteriores que pertencen ós anos vinte. Atende ós seguintes puntos:

- **Descrición:** ¿Como viste a persoa representada nos carteis? ¿Que tipo de vida se suxi- re neles?
- **Relación:** ¿Parecen referirse a un tempo de crise? ¿A que tipo de persoas ían dirixidos os anuncios?
- **Interpretación:** ¿A que poden deberse as diferencias entre a dureza da cita inicial e a «alegre loucura» dos documentos 1 e 2? ¿Están a falar da mesma época? ¿Podería pasar algo semellante na actualidade? Razona e xustifica a posible relación entre a década dos anos trinta e o presente.

Documento 3



Imaxes extraídas da película Tempos modernos

INTRODUCCIÓN. A FORMULACIÓN DUN PROBLEMA: ¿COMO VIVIR MELLOR EN SOCIEDADE?

2

Comenta as imaxes anteriores. Para que o traballo che sexa máis doado, céntrate nos mesmos puntos que xa traballaches no exercicio anterior:

- Descrición das imaxes. Conta o que ves nelas.
- Relaciona as imaxes cos documentos anteriores. ¿Quen é o actor que aparece nas dúas imaxes? Sitúaaas no espacio e no tempo (onde e cando). Razona dita adscrición espacial e temporal.
- Interpreta as imaxes:
 - ¿Por que se sitúa un cartel de pechado (*closed*) ante o que se detén o protagonista?
 - ¿Que quererán dici-las pancartas da manifestación escritas en diversas linguas?
 - Na imaxe non se ve, pero a bandeira que ten o protagonista na man é un trapo vermello -un sinal de perigo-, que caera dun camión. ¿Tería algún outro significado a cor vermella na imaxe? Razona a resposta.

3

Por último, intenta conxuga-los tres apartados que traballaches independentemente (a descrición, a relación e a interpretación), para dar unha visión de conxunto dos documentos gráficos. Axúdate co seguinte guión de traballo:

- Os documentos anteriores son da mesma época, ¿dirías que existen diverxencias notables entre eles? ¿Por que?
- ¿Poderías recoller outros tres documentos gráficos actuais (onde se vexan, por unha parte, o luxo e a boa vida, e por outra, o paro, a fame e as privacións) que signifiquen o mesmo?

Os factores da crise: a especulación

Documento 4

A especulación en Florida en 1925

«En Florida, dividiuse a terra en parcelas edificables e estas foron vendidas mediante o pago inicial dun 10%. Estaba claro que moitos dos desagradables terreos que cambiaron de mans desta forma eran tan noxentos para os compradores como para os que pasaban polas intermediacións. Os compradores non tiñan a menor intención de vivir neles, e era difícil supoñer que alguén se decidise a facelo. Pero isto eran consideracións académicas. A realidade era que eses dubidosos activos aumentaban de valor día a día e podían revenderse con razoable beneficio nunha quincena (...) Os prezos subiron prodixiosamente. Nun radio de 40 millas correspondentes á zona interior de Miami, terreos valorados en 8.000 dólares vendéronse a 20.000; os situados fronte ó mar subiron de 15.000 a 25.000 dólares, e os máis ou menos *bona fide*, os mellores, xunto ás praias, de 20.000 a 75.000.»

J.K. Galbraith, *O crac do 29*, páxs. 34-36, ed. Ariel, Barcelona, 1976

Documento 5

SENADOR COUZENS: ¿É certo que Goldman, Sachs and Company organizou a Goldman Sachs Trading Corporation?

SR. SACHS: Si, señor.

SENADOR COUZENS: ¿É certo tamén que vendeu despois os títulos desta compañía ó público?

SR. SACHS: Unha parte deles, si. As sociedades subscribiron inicialmente o 10% da emisión, mediante o desembolso de dez millóns de dólares.

SENADOR COUZENS: ¿Entón, o 90% restante foi vendido ó público?

SR. SACHS: Si, señor.

SENADOR COUZENS: ¿A que prezo?

SR. SACHS: A cento catro dólares o título. Refírome ó título antigo... que logo foi dividido en dous... debido á demanda.

SENADOR COUZENS: ¿E a que prezo se vende ese valor agora*?

SR. SACHS: Aproximadamente a un dólar e setenta e cinco centavos.

J.K. Galbraith, *O crac do 29*, páxs. 106-107, ed. Ariel, Barcelona, 1976

4

Os documentos 4 e 5 describen unha determinada maneira de investi-lo diñeiro, o chamado investimento especulativo. ¿Que quere dicir a expresión «investimento especulativo»? ¿Cando se deu, onde e por que? ¿Dáse aínda hoxe en día? Razoade as respostas.

* «Agora» fai mención a un texto de despois da crise do 29.

Os factores da crise: «vivir para pagar»

Á despreocupación xeral sobre o futuro nos anos vinte, como consecuencia do medo e dos sufrimentos ocasionados pola I Guerra Mundial, uniuse un cambio xeral dos costumes, unha etapa de vida supostamente próspera e aloucada. «Vive agora e mañá xa veremos», parecía se-la consigna. Implántase a compra a crédito e as débedas das familias medran espectacularmente. A sociedade dos 20 quería vivi-lo momento, olvida-los crebacabezas e os horrores vividos. Vivíase unha época chea de inquietudes artísticas e literarias cun novo sentido da vida que rachaba os antigos esquemas morais. Cambiou a moda feminina, a arte, a música. A muller, en parte como consecuencia da súa incorporación ó traballo productivo durante a Grande Guerra, súmase ás persoas que traballan fóra da casa, gañando independencia económica e persoal. Chega o automóbil como expresión de liberdade e obxecto de consumo. Ser novo convértese nun valor fundamental, pois na sociedade priman os valores tradicionais da xuventude: a súa despreocupación, a súa audacia e, tamén, a súa posible falta de previsión.

5

¿Por que razóns se pode endebedar unha persoa? ¿É positivo para a economía dun país que os particulares se endebeden moito? Razoade, traballando nun pequeno grupo, as vantaxes e inconvenientes económicos dun proceso de endebedamento xeral.

6

¿O endebedamento masivo foi un dos motivos desencadeantes da crise? ¿Por que? Razo a resposta e aporta argumentos relativos a esta cuestión.

Dieta de «última instancia» para as familias dos parados en América, Documento 6 nos anos da depresión

«Para mellor utiliza-los escasos recursos do fogar, tomarase zume de tomate en vez de zume de laranxa, patacas en vez de pan, patacas brancas en vez de boniatos, xa que teñen máis ferro; asaranse e comeranse coa pel. Consumiranse verzas, follas de nabo e remolachas antes que leitugas ou espina-cas. Para conserva-las vitaminas a verza comerase crúa, cortada en anaquiños, en vez de cocida. Non se tirará a auga das coccións, para non desperdiciar vitaminas nin sales minerais, senón que se empregará nas sopas. O U.S. Bureau of Home Economics difunde unha ración de última instancia que permite subsistir a unha familia de cinco persoas, sempre e cando non haxa nela ningún enfermo, comprando cantidades mínimas dos alimentos máis baratos.

Para non malgasta-las preciosas calorías recoméndase facer un almuerzo abundante pola mañá e contentarse cunha comida lixeira ó mediodía. Agora ben, moitos dos parados non dispoñen nin dese mínimo.»

New York Times, 24 de xaneiro de 1932

A modo de resumo. Recapitulación de problemas

A. ¿Unha crise de sobreproducción?

As causas profundas da crise respondían a unha problemática especial do capitalismo. Movidas polo beneficio, as empresas lanzábanse a producir todo tipo de produtos, intentando copar todo o mercado. Como tódalas empresas tiñan a mesma finalidade, todas elas producían coma se puidesen cubrir, soamente cos seus propios produtos, tódalas necesidades dos consumidores. O resultado final era unha situación en que existían moitos máis coches, electrodomésticos, etc., dos que a xente podía comprar.


B. As baixadas de soldos. A deflación

Para intentar remediar esta situación de gran crise en 1929, os gobernos adoptaron políticas chamadas deflacionistas, é dicir, procuraron que os prezos baixasen para poder competir cos seus veciños. Baixa-los prezos para que quen puidese mercar o fixese... pero tódolos demais empresarios facían o mesmo. Alguén tiña que quedar sen vende-los seus produtos, pois os recursos dos compradores eran moi escasos. Igualmente, dado que o Estado gastaba máis do que ingresaba, intentouse que os soldos baixasen para producir máis barato e conseguir que os produtos tamén diminuísen de prezo. Era un círculo vicioso. O Estado ingresaba pouco porque recadaba menos impostos; vendíanse menos produtos e menos xente estaba traballando, polo que o Estado aínda recadaba unha menor cantidade e, sen embargo, pagaba máis axudas á xente que estaba no paro. Pero, se os soldos baixaban máis, aínda habería menos diñeiro para comprar, pois a maioría dos compradores dos produtos máis correntes son os traballadores. Esta estratexia de redución de salarios agravou extraordinariamente a crise.

A CRISE DO 29 (1929-32)

ÍNDICES DA PRODUCCIÓN INDUSTRIAL EN 1932

DOCUMENTO 7



Documento 8

«O PNB dos Estados Unidos alcanzara en 1929 os 204.000 millóns de dólares (medido en dólares de 1958). En 1930 descendeu a 183.000 millóns; en 1932 a 169.000 millóns, e en 1933 tocou fondo, con 141.000 millóns. A diminución total foi do 31% en catro anos.»

K. Lancaster, *Economía moderna*, páx. 640, Alianza Ed., Barcelona, 1977

Documento 9

«Segundo o informe do May Committe (Gran Bretaña), os fondos de axuda ós parados deben estar tamén equilibrados, e aconséllase reduci-las asignacións do paro (...) Existen por aquelas datas cerca de tres millóns de parados en Gran Bretaña. Parece ser que Keynes* dixo do informe May: "o documento máis idiota que tiven a desgracia de ler".»

M. Niveau, *Historia dos feitos económicos contemporáneos*, páxs. 196-197, ed. Ariel, Barcelona, 1977

* Keynes: un dos máis insignes economistas deste século.

A CRISE DO 29 (1929-32)

7

Atendendo ós tres documentos anteriores, traballando en equipo, intentade extraer conclusións sobre os seguintes apartados:

- ¿En que Estado se produciu o crac da Bolsa en 1929? ¿Coincide co lugar onde se deron os movementos especulativos descritos nos documentos 4 e 5?
- ¿En que países se produce unha maior caída da produción? ¿Cal é o Estado onde non se produce esa caída? Emite unha hipótese sobre as posibles causas das diferencias.
- ¿Por que credes que se reduciron as axudas ós parados? ¿Que resultados tería esta redución? Razoade, como mínimo, sobre dous apartados:
 - as consecuencias no ámbito estatal: déficit público, inflación...
 - as consecuencias sociais: cambios na forma de vida dos traballadores, miseria colectiva, falta de diñeiro dos traballadores para comprar productos...

8

Facemos un resumo.

Por último, traballando en equipo, elaborade un pequeno resumo sobre as causas e consecuencias previsibles da crise de 1929.



Os graves problemas do primeiro intento de solución

Diciase que os mecanismos do mercado, a longo prazo, conseguirían cambia-la situación. Ante a insuficiencia de compradores, os prezos caerían, o que motivaría un aumento do consumo. Ó se-los productos máis baratos poderíase comprar máis e volvería a medra-la produción ó haber máis demanda. O problema era o prezo que había que pagar ante este «axuste automático». Mentres os prezos caían, ¿que facer cos parados, cos famentos, coas xentes que quedaban sen casa? ¿Canto tempo habería que esperar, canto sufrimento que soportar para que os mercados se reequilibraran? ¿Era seguro que se produciría este equilibrio?

Documento 10

«O desemprego alcanzou un 25% en 1933, con case trece millóns de traballadores no paro vagando polos Estados Unidos na busca dun emprego.»

K. Lancaster, *Economía moderna*, páx. 640, Alianza Ed., Barcelona, 1977

Outra posible solución. O investimento público: o *New Deal*

Ante as convulsións sociais, o malestar nas rúas e a evolución dos propios índices económicos, os gobernos máis sensibles decidiron intervir, para evitar que a situación empeorase. Por moito que as cousas puidesen mellorar automaticamente no futuro, a xente non podía esperar máis. Será aquí, precisamente, onde esas medidas de intervención diferirán máis.

Existía, afortunadamente, unha solución máis humana e imaxinativa. Para explicala, Keynes, o mesmo que criticaba o informe do May Committe do documento 9, propuxo unha curiosa metáfora: ¿sería práctico para a economía pagar traballadores que sacasen billetes dunhas botellas que con anterioridade eles mesmos encherran e enterraran nunha mina?

9

Discute en equipo a metáfora da botella que propoñía Keynes. ¿Sería ou non unha actividade beneficiosa para o Estado? ¿Por que? Extraede consecuencias dende dous puntos de vista:

- social: beneficios para a colectividade, ausencia de grandes trastornos públicos como folgas e manifestacións na rúa.
- económico: evolución das contas do Estado, recadacións de impostos e evolución das compras que a xente corrente podería facer.

UNHA SOLUCIÓN COOPERATIVA DA CRISE: TODOS ARRIMÁMO-LO OMBREIRO, O NEW DEAL

A razón desta estratexia distinta estaba clara. O mesmo Keynes dicía que «a longo prazo todos estaremos mortos», querendo expresar a súa desconformidade coa idea base de que os mercados se arranxarían sós. Segundo el, o Estado non podía asistir impasible a tamaña destrución de vidas, ó crecemento interminable da miseria. Keynes propuxo que o Estado interviñese para conseguir manter salarios dignos e que se mantivera o consumo dos traballadores, o que permitiría que as empresas non se foran a pique ante a ausencia de compradores para os seus produtos. Esta filosofía económica foi empregada nos EE.UU. polo presidente Roosevelt para dete-la caída da produción.

Esta forma de enfoca-lo problema concretouse mediante un programa coñecido como New Deal*. O New Deal foi un tímido intento de intervención do Estado na economía en tres áreas principais:

- As Obras Públicas, proporcionando traballo a través da construción de grandes obras públicas.
- A agricultura, sostendo os prezos dos produtos para que os agricultores non se arruinasen.
- A banca e as finanzas, controlando e estabilizando o mercado financeiro para evita-los abusos e as prácticas especulativas dos bancos.

A crise e o paro antes e agora


As decisións que se tomaron nos anos trinta para solucionar-la crise tiveron, e teñen, grande repercusión nas nosas vidas. O paro, lonxe de solucionarse definitivamente, acabou sendo un dos males das sociedades actuais. España padece hoxe en día unha taxa de paro moi elevada e as condicións de traballo parecen empeorar día a día. Para non quedarmos desarmados ante os intereses dos que máis teñen, todos deberíamos coñece-lo que se fixo entón e o que se pode facer agora. É o noso propio futuro o que está en xogo.

* New Deal: a traducción aproximada sería a de novo trato (do Estado coa xente, coa sociedade civil).

UNHA SOLUCIÓN COOPERATIVA DA CRISE: TODOS ARRIMÁMO-LO OMBREIRO, O NEW DEAL

ÍNDICE DE PARO COMPARADO
(PERSOAS ENTRE 15 E 64 ANOS)

DOCUMENTO 11



10

Compara a taxa de paro dos EE.UU. en 1929 (documento 10) coa actual en España (documento 11) e establece diferencias e semellanzas entre ámbalas dúas situacións. ¿Que cambiou e que segue igual?

¿Como evolucionou nos últimos anos o paro en España? ¿Mantívose, decaeu ou incrementouse?

11

¿Que medidas cres que toma o Estado español na actualidade para resolve-lo problema do paro? Menciona, polo menos, tres delas intentando indicar se protexen a toda a poboación ou só a unha parte desta.

12

Facemos un resumo.

Resume o resultado previsible do *New Deal* para intentar conseguir unha diminución do paro. ¿Tras estas medidas, como evolucionaría o emprego? ¿Habería máis xente traballando? ¿Como se acadaría o diñeiro suficiente para comeza-lo proceso? Razoade a vosa resposta.



“Catro” UNHA SOLUCIÓN EXPLOTADORA PARA A CRISE: SALVARSE A CONTA DOS DE MAIS, OS FASCISMOS

Xa coñecemos algunha resposta á crise económica que estudiamos, o *New Deal*, pero non foi esta a única maneira de enfrontarse ó problema. Houbo interpretacións diferentes sobre o que había que facer entre o pobo en xeral e os políticos en particular.

A. ¿Somos iguais e temos todos os mesmos Dereitos Humanos?

Documento 12

«Os máis dos homes non teñen ningún dereito á existencia: só son unha praga para os homes superiores.»

Nietzsche, *A vontade do poder*, Libro IV, páx. 316

Documento 13

«[O Cristianismo] en vez de animar á morte e ó suicidio, protexe e fai reproducirse ós mal nados e ós enfermos.»

Nietzsche, *A vontade do poder*, Libro IV, páx. 316

Documento 14

«A persecución dos xudeus polos nazis iniciouse case ó mesmo tempo destes chegaren ó poder, pero a decisión de aplica-la “solución final” foi adoptada polos mandatarios nazis na Conferencia de Wannsee, en xaneiro de 1942. Nela decidiuse crear un novo campo de concentración (convén recordar que xa existían tanto en Alemaña como na URSS), que se dedicaría ó exterminio físico das “razas inferiores”, preferentemente xudeus e xitanos. Dedicada Alemaña a un xigantesco esforzo bélico, decidiuse utilizar masivamente a man de obra dos recluídos que puidesen ser útiles. O resto eran eliminados directamente. Os propios campos de exterminio “especializáronse”. A maioría cumpría as dúas funcións, o traballo forzado e o exterminio, pero algúns (Treblinka, Belzec, Sobibor e Chelmo, entre outros) unicamente se empregaban para o asasinato masivo dos deportados.

Durante a guerra, os propios aliados non acababan de cre-las noticias que sobre os campos de exterminio lles chegaban, polo que a visión directa dos campos de exterminio trala liberación ó final da guerra produciu un verdadeiro trauma en todo o muno. O holocausto foi por fin coñecido.»

Elaboración propia

Dende principios de século, o mesmo concepto de democracia e de igualdade entre as persoas entraba en crise. A racionalidade, intentar chegar á solución dos problemas apelando á razón, o pacifismo, os dereitos individuais das persoas non eran aceptados universalmente. Se se negaba o dereito a vivir de determinadas persoas, loxicamente non se ía aceptar unha ideoloxía e unha relixión, o cristianismo, que propugnaba o respecto á dignidade da persoa.

UNHA SOLUCIÓN EXPLOTADORA PARA A CRISE: SALVARSE A CONTA DOS DEMAIS, OS FASCISMOS

13

O fascismo foi unha ideoloxía, unha forma de pensar e de ve-lo mundo, apoiada por decenas de millóns de persoas en todas partes. ¿Como cres que puido ser posible? Intenta buscar unha explicación a esta cuestión.

¿A quen se refire Nietzsche cando fala de «homes superiores»? ¿Quen serían os mal nados? ¿Por que cres que se puido trama-la eliminación sistemática dun pobo, o holocausto?

¡Viva a guerra! A violencia fascista en España

Documento 15

«Hai uns días tivemos un pouco de diversión no Centro Nacionalista, favorecidos coa presenza nas cercanías de medio milleiro de lacazáns (...). Deixámoslos aproximar ó noso domicilio e, cando se puxeron a tiro, soltámoslles dende os balcóns sete tiros fraternais, con acompañamento de gargalladas (...). Un dos futuros redentores da República resultou cun balazo no pé (...) outro foi alcanzado na cabeza por un "dátil" do 44A.»

*La Legión**, nº 7, contraportada do 2 de abril de 1931

Documento 16

«Para evita-lo regreso de España ó salvaxismo, fronte ás sanguinarias hordas capitaneadas polos invasores roxos, non hai máis ca un camiño: a guerra. ¡Viva a guerra!»

Do xornal *Libertad*, órgano das JONS, grupo fascista español. Citado en J. JIMÉNEZ CAMPOS, «O fascismo na crise da II República», páx. 142, CIS. Madrid, 1977

Determinadas correntes de pensamento rexeitaban os valores democráticos e ilustrados e propugnaban, máis ou menos directamente, outros baseados na violencia, o irracionalismo, o rechazo ós partidos políticos e a obediencia cega á dirección dun líder. Se engadimos a esta proposta intelectual, pois estaba feita dende a razón aínda que a negara, as consecuencias da Grande Guerra e a atmosfera de revanchismo que esta xerara nalgunhas nacións como Italia e Alemaña, teremos unha primeira aproximación ó moi complexo fenómeno dos fascismos. Como primeiro experimento, Italia vivía dende 1922 nun réxime fascista.

14

Relacionade a teoría e a práctica do holocausto co pensamento nazi. Debatede en equipo os puntos principais do pensamento fascista en xeral e do nazi en particular. ¿Houbo fascistas en España? ¿Es capaz de lembrar algún trazo racista (algún caso, algún grupo que estivera moi mal visto) en España?

* O periódico *La Legión* era o órgano do Partido Nacionalista Español, dirixido polo valenciano Albiñana.

UNHA SOLUCIÓN EXPLOTADORA PARA A CRISE: SALVARSE A CONTA DOS DEMAIS, OS FASCISMOS

B. Tres características básicas do pensamento fascista

Documento 17

«En tódalas cidades e en tódalas aldeas de Alemaña vemos xa os primeiros indicios. Os rostros que miran baixo o casco de aceiro nos monumentos ós guerreiros teñen en case tódalas partes unha semellanza que debe chamarse mística. Unha fronte empinada atravesada por sucos, un nariz forte e recto cunha armazón angulosa, unha boca angosta fortemente pechada, cunha profunda fendadura dunha vontade tensa. Os ollos grandes abertos miran dereito para diante. Conscientemente ó lonxe, á eternidade. Esta afouteza enérxica do soldado da fronte diferénciase notablemente do ideal de beleza dos tempos anteriores.»

A. Rosenberg, *O mito do século XX*, páx. 254, ed. Odal, Bos Aires, 1976

Documento 18

«Se temos presente o feito exposto ó comezo de que en toda a historia mundial o Estado, a arquitectónica social e, en xeral todo agrupamento duradeiro, foron a consecuencia da vontade masculina e da forza xeradora masculina, entón está claro que a influencia estatal duradeira da muller, outorgada nun principio, debe representa-lo comezo dunha evidente decadencia.»

A. Rosenberg, *O mito do século XX*, páx. 279, ed. Odal, Bos Aires, 1976

Documento 19



Por Dinamarca contra o bolxevismo

UNHA SOLUCIÓN EXPLOTADORA PARA A CRISE: SALVARSE A CONTA DOS DEMAIS, OS FASCISMOS

Conclusións da clase



16 Os documentos anteriores refírense a tres constantes do pensamento fascista. Despois do traballado, resume en equipo os principais elementos que configuran o pensamento e a práctica fascista. Cada grupo debe encargarse de comentar un dos trazos principais do fascismo para, posteriormente, comentalos e expoñelos en asemblea de clase.

C. A solución fascista contra o paro


Tamén os réximes fascistas tiveron o seu New Deal, pero neste caso, as axudas estatais, ademais de iren destinadas ás obras públicas, dirixíanse á constitución dun exército forte, á militarización da sociedade.

Documento 20

«O goberno nazi aplica, a partir de xaneiro de 1933, unha política de reflación* e de loita contra o paro. Entre xaneiro de 1933 e decembro de 1934, o número de parados pasa de 6 millóns a 2,6 millóns. A axuda do Estado ás empresas baixo forma de subvencións é considerable».

M. Niveau, *Historia dos feitos económicos contemporáneos*, páxs. 203-206, ed. Ariel, Barcelona, 1977

INVESTIMENTOS PÚBLICOS EN ALEMAÑA DE 1928 A 1938 (en millóns de marcos) DOCUMENTO 21



* Reflación: entre outras cousas, a reflación adoita implicar unha suba xeral de prezos.

UNHA SOLUCIÓN EXPLOTADORA PARA A CRISE: SALVARSE A CONTA DOS DEMAIS, OS FASCISMOS

17

Estudiade en equipo a gráfica do documento anterior. Intentade contestar despois as seguintes preguntas: ¿Cales son as dúas partidas do gasto público alemán en 1928, 1932, 1935 e 1938? ¿Cal é a principal variación que se produce na orde destas partidas e no volume total do gasto efectuado?

Razoade sobre o porqué das variacións que atopastes.

Conclusiones da clase



18 Partindo das respostas ó exercicio anterior, debatede en asemblea de clase, coa axuda das informacións e documentos anteriores. Para ordena-lo debate, haberá que segui-los pasos seguintes:

- Cada equipo exporá as súas teorías sobre a ideoloxía fascista, argumentando cos datos coñecidos, sobre a posta en práctica desta ideoloxía en Alemaña.
- Partindo igualmente do que coñecedes, valorarase a repercusión e a práctica da ideoloxía fascista en España.
- Pasarase logo a valora-la continuidade e o peso da ideoloxía fascista no mundo actual.

Conclusiones individuais



• Despois de concluído o debate, cada alumno anotará individualmente as conclusións no seu caderno.

“Cinco” ¿PÓDENSE IMPOÑE-LOS DEREITOS? OUTRA SOLUCIÓN Á CRISE; A DICTADURA COMUNISTA

Moitas veces as cousas están menos claras do que semellan. Todos temos opinións que intentamos xustificar con acerto relativo, pero os nosos puntos de vista non son vans. As conclusións ás que podemos chegar, se cadra teñen grande incidencia na vida cotiá. Un debate non é outra cousa que un enfrontamento no intercambio de pareceres con argumentos, traballo fundamental para entende-lo mundo e, en definitiva, para acadar unha vida mellor. Por todo o cal che propomos, na introducción a esta sección, unha discusión inicial en asemblea de clase coas seguintes cuestións: Sabendo que todo o mundo ten dereito á vivenda, pero que os propietarios destas dispoñen como queren dos pisos, ¿cres que sería posible que as persoas que non teñen vivenda ocupen as vivendas desocupadas, sen pagar por elas e sen pedir permiso ós seus donos mentres estas estean libres? ¿Estaría ben que, por tempo limitado, os okupas «dictaran» a súa vontade ós propietarios para chegar, máis adiante, a un sistema máis igualitario no uso das vivendas, sen que importara tanto a posesión ou non destes bens?*

Conclusións da clase



19 Exercicio inicial: ¿Como impor ós outros os dereitos propios contra os dereitos alicenos? Reflexionade sobre o problema dos okupas colectivamente.

A. As luces. Os logros económicos.

¿Crise? ¿Que crise? O crecemento económico da URSS entre 1920-1940

Rusia era un dos estados máis atrasados de Europa a comezos do século XX. Cunha estrutura productiva sumamente anticuada e aínda con múltiples residuos do feudalismo, sufría un grande atraso económico. Daquela non dispuña de grandes dotacións de capital, como tampouco tiña unha boa estrutura de comunicacións nin man de obra cualificada, consonte cunha burguesía feble e que comezaba a desenvolverse. Por outra parte, os traballadores vivían en pésimas condicións de vida e as diferencias entre ricos e pobres eran inmensas.


* Podes buscar información sobre o tema na prensa.

¿PÓDENSE IMPOÑE-LOS DEREITOS? OUTRA SOLUCIÓN A CRISE: A DICTADURA COMUNISTA

Intentando superar este estado de cousas, despois da Revolución soviética de 1917 e dos primeiros fracasos da economía revolucionaria soviética, Stalin pon en práctica dende 1928 os Plans Quinquenais. Estes plans non eran outra cousa que o intento de conseguirla modernización económica da URSS ó prezo que fora e de xeito acelerado. A URSS tiña que converterse nunha grande potencia, facer medra-la súa economía, desenvolve-la súa industria pesada e moderniza-la agricultura para equipararse ás potencias occidentais.

EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN DA URSS ENTRE 1913 (BASE 100) E 1940

DOCUMENTO 22



B. As sombras. A represión e a dictadura como armas de poder

Os xuízos de Moscova. Noticias sobre os escritos Bábel

Documento 23

«Iso bastaba para acusar a Bábel de espía e metelo entre reixas. O escritor foi detido e trasladado á Lubianka o 16 de maio. Ese mesmo día, tal como puidemos saber agora, volvérono meter nun coche e levárono fóra da cidade, a un lugar máis secreto, a Sujánovika, o cárcere máis arrepiente para *amolecelo*. Alí foi onde lle arrincaron, mediante tortura, declaracións verbo da súa actividade como espía, trotskista, terrorista.

Non puideron concretar ningún feito nin demostrar esa actividade subversiva e de espionaxe de Bábel. Sinxelamente, porque esa actividade non existía. Pero lograron que confesara (...). En xullo-agosto de 1939, Bábel ocupaba a cela número 89 da sección 4ª do cárcere do interior da Lubianka, xunto con Lev Nikoláivich Bielski, ex-vicecomisario (fusilado en 1940). Este é o seu testemuño "verbo das declaracións falsas": "Non sempre ten un sorte coas declaracións. Na miña cela estaba o escritor Bábel. As dilixencias dos nosos casos desenvolvíanse parellamente. Eu autoinculpeime de espía alemá e Bábel de actuar como espía ó servizo de Daladier (Francia). Cando se firmou o pacto entre a URSS e Alemaña (daquela baixo do mandato de Hitler), Bábel laiábase de que agora si que non ía escapar do fusilamento, e felicítábame porque se cadra eu podía salvarme de semellante destino...". Humor negro da Lubianka.

En setembro trasladaron a Bábel a outra cela. Logo de recuperarse das torturas e dos esgotadores interrogatorios, deu un paso inesperado: desdixose das súas declaracións, retomou a verdade (...). Agora non só coñecemos-la data exacta da morte de Bábel, senón incluso a hora: 27 de xaneiro de 1940, á 1,30 (...). Aquel mesmo día foi incinerado o seu corpo.»

Chentalinski, Vitali, «Bábel e as voces do alén», *El País*, 25 de xaneiro de 1995, Páx. 11

¿PÓDENSE IMPOÑE-LOS DEREITOS? OUTRA SOLUCIÓN Á CRISE: A DICTADURA COMUNISTA

20

Estudiade, en equipo, a gráfica do documento 22. Intentade despois responder ás seguintes preguntas:

- ¿Cal é a proporción, en tanto por cento, entre a produción de produtos para consumir e de produtos para producir no novo Estado en 1913, 1928 e 1940? ¿Que consecuencias tería esta variación da economía? ¿Cambiaría por iso a forma de vivir, a vida cotiá da poboación?
- Razoade sobre a finalidade que se pretendía acadar con tan grande incremento dos bens de produción.

21

Facemos un resumo.

Razoando sobre os resultados do exercicio, estudia individualmente os logros, os problemas e o custo social e persoal da implantación do comunismo na URSS, e realiza un pequeno resumo sobre este apartado.



Democracias, fascismo e comunismo fronte a fronte

A. Solucións económicas diferentes á crise supoñen formas diferentes de vivir e morrer

A crise do 29 non foi só unha crise económica senón tamén unha crise política e social. En 1939, ano en que comeza a II Guerra Mundial, poucas democracias europeas quedaban en pé fronte a unha maioría de réximes totalitarios en expansión. A crise económica, unida ós conflitos derivados dos cambios no sistema de valores, produciu unha radicalización ideolóxica e política. Noutras palabras, medio mundo enfrontábase ó outro medio intentando definir «aquilo polo que pagaba a pena vivir e morrer».

Se as persoas xa non valían igual, se mesmo había homes-parias coma os xudeus que había que eliminar, tamén as nacións e os estados se clasificaban en varias categorías e os «mellores», os «máis fortes», habían de eliminar e vencer ós mais débiles. Era lóxico supor que os que ían ser eliminados e desposuídos loitarían á desesperada, posto que non podían esperar clemencia dos supostos vencedores, dos pobos «elixidos», dos fascistas, e que os que non foran atacados inicialmente podían selo no futuro. Isto deu paso primeiro a alianzas para resistiren mellor, conxuntamente, a política de agresións dos estados imperialistas-fascistas –como Alemaña, Xapón e Italia– e logo ó desencadeamento da guerra, cando foi evidente que as agresións e as expansións territoriais ían continuar sen a menor vacilación.

Non se pode dicir que a cada clase social correspondese unha postura determinada; as liñas de fendedura percorrían todo o espectro político: había membros de calquera clase social en calquera partido. Podíase comprobar que había traballadores fascistas, intelectuais comunistas e nacionalistas en case todas partes. Os grandes capitalistas, pola súa parte, querían mante-la orde, pero tamén era variable a súa interpretación de quen podía acabar coa desorde. Nos EE.UU. acabaron apoiando o New Deal, aínda que inicialmente non estivesen demasiado convencidos das súas posibilidades, e en Alemaña comprometéronse con Hitler cando este estaba a punto de asumilo poder... pero non antes. Pódese afirmar, en cambio, que nas dúas nacións o Estado interveu cada vez máis na economía, converténdose de feito no primeiro patrón, no principal capitalista, naquel que investía máis diñeiro.*

O mesmo ocorría na Unión Soviética, e aínda máis acentuado, pois o Estado era o único propietario e investidor.

* Consulta a actividade 3 para aclarar que quere dicir New Deal.

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. Á II GUERRA MUNDIAL

Pero, aínda convindo en que o Estado se converteu no principal motor da vida económica, as diferencias entre os tres sistemas –democracias, fascismos e comunismo, ou os EE.UU., Alemaña e a URSS, se queremos exemplificar– eran múltiples. A xente da rúa non tiña os mesmos dereitos, nin as mesmas expectativas de vida nin a mesma visión do mundo nos tres estados. Seguramente os documentos seguintes, que nin sequera corresponden exactamente ó mesmo ano, contribuirán a que te fagas unha idea verbo das diferentes concepcións de vida que se opoñían –todas imperfectas, todas con luces e sombras– en cada unha destas sociedades mencionadas, é dicir, nos EE.UU, en Alemaña e na URSS.

Documento 24

«Democracia para unha minoría insignificante, democracia para os ricos: esta é a democracia da sociedade capitalista. Pero, partindo desta democracia capitalista –que é unha democracia profundamente hipócrita e falaz–, o desenvolvemento progresivo non decorre dun xeito sinxelo, directo e tranquilo “cara a unha democracia cada vez maior”... Non. O desenvolvemento progresivo, é dicir, o desenvolvemento cara ó comunismo, pasa pola dictadura do proletariado, e soamente pode ser así, xa que non existe outra forza nin outro camiño para fende-la resistencia dos explotadores capitalistas.»

V.I. Lenin, *O estado e a revolución*, Moscova, Obras completas da Editorial Progreso (publicado orixinariamente en 1917)

Documento 25

«Despois de 1940 o noso benestar acabouse rapidamente: primeiro a guerra, despois a capitulación e a invasión dos alemáns, que nos deixou na miseria. Unha medida tras outra contra dos xudeus. Os xudeus tiñan a obriga de leva-la estrela, de cede-las súas bicicletas (...). Tiñan prohibido subir ós tranvías, conducir vehículos (...) Tiñan a obriga de mercar exclusivamente nas tendas que levaban a marca de “tenda xudía” e, ademais, soamente de tres a cinco da tarde. Tiñan prohibido saír despois das oito da tarde, mesmo ó seu propio xardín e quedaren na casa dos seus amigos. Tiñan prohibido ir ó teatro, ó cine ou a calquera outro lugar de diversión. Tiñan prohibido practicar calquera deporte público: prohibido frecuenta-la piscina, as pistas de tenis e de hóckey ou calquera lugar de lecer. Tiñan prohibido ir ás escolas xudías, e unha chea de restriccións coma estas...»

Ana Frank, *Diario*, Barcelona, ed. Selecta

Documento 26

«Na presente etapa da historia mundial, case tódalas nacións deben elixir entre modos alternativos de vida. Con moita frecuencia a decisión non adoita ser libre.

Un deses modos de vida baséase na vontade da maioría e distínguese pola existencia de institucións libres, un goberno representativo, eleccións limpas, garantías á liberdade individual, liberdade de palabra e relixión e o dereito a vivir sen opresión política.

O outro baséase na vontade dunha minoría imposta pola forza á maioría. Descansa no terror e a opresión, nunha prensa e radio controladas, en eleccións fraudulentas e na supresión das liberdades individuais.»

H. Truman, *Discurso ante o Congreso dos EE.UU.*, 1947

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL


22

Tendo en conta os documentos anteriores, traballade en equipo sobre as diferentes formas de enfrontarse ós problemas. Recapitulade acerca das vantaxes e inconvenientes das tres formas de enfrontarse á crise, dos tres sistemas, exemplificando as diferencias, as vantaxes e inconvenientes de cada solución.

B. O desencadeamento do conflito: a II Guerra Mundial


A política nazi de agresión comezou nada máis subir Hitler ó poder en 1933. As primeiras accións recuperaron territorios que os alemáns cederan como consecuencia da derrota na Iª Guerra Mundial, pero axiña comezaron as anexións, as conquistas. Austria, Checoslovaquia –invadida primeiro de forma parcial e logo totalmente–, por último, Polonia, repartida entre a URSS e Alemaña, despois dunha breve campaña en setembro de 1939. Como Francia e Inglaterra se comprometeran a mante-la independencia de Polonia, a invasión nazi-soviética motivou o inicio da guerra, se ben soamente foi Alemaña a que entrou en guerra, mentres a URSS mantiña a súa conquista sen maiores problemas.

EXPANSIÓN ALEMANA
ANTERIOR Á II GUERRA MUNDIAL



DOCUMENTO 27

REPARTO DE POLONIA



A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

Elementos e factores que conduciron á guerra

A guerra non tardou en estalar, beneficiándose Hitler dunha actitude permisiva das potencias occidentais. Ninguén desexaba a guerra e os nazis puideron anexionar territorios –Austria, Checoslovaquia– sen que as democracias fixeran nada por impedilo. Para estas, para o capitalismo occidental, o máis importante era illar e dete-lo comunismo da URSS.

A política de armamento do goberno nazi era o reflexo dunha determinada estratexia de enfrontamento cos problemas. Ante unha situación conflictiva, ante un dilema ou dificultade, existen, polo menos, tres formas de enfrontarse ó problema. Unha delas, a solidaria, consiste en intentar buscar solucións colectivas, que non supoñan unha explotación masiva doutros grupos ou persoas, preocupándose basicamente por repartir mellor os recursos existentes e crear outros novos. A segunda solución, a excluínte, loita por saír da crise mediante a explotación dos outros, a través da usurpación dos recursos alleos. A terceira supón simplemente non afrontar-lo problema, evadirse, fuxir.

O espacio vital

Documento 28

«Nós, os nacionalistas, témo-lo deber de aferrarnos ós nosos propósitos en materia de política exterior que consiste en asegurarlle á nación alemana o territorio que precisa neste planeta.

Ningunha nación da terra posúe un só metro cadrado de territorio concedido polo ceo. As fronteiras trázanse e modifícanse conforme á vontade humana soamente.

O feito de que unha nación consiga adxudicarse unha porción de territorio que non lle pertencía, non é unha razón superior para ser respectada. Isto proba, simplemente, o poderío do vencedor e a debilidade daqueles que levaron a peor parte. Este poderío constitúe o único que lle dá dereito á posesión.»

Hitler, A., *A miña loita*


O desenvolvemento da guerra

A primeira parte da guerra, entre 1939 e 1941, foi un paseo triunfal dos alemáns por toda Europa.

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

EXAPANSIÓN DO IMPERIO ALEMÁN EN 1941,
INCLUÍNDO ALIADOS E ESTADOS AMIGOS

DOCUMENTO 29



Pero a situación complicouse logo do estalido dunha nova guerra entre as dúas potencias dictatoriais e totalitarias: a URSS e a Alemaña nazi. Por último, logo do ataque xaponés á flota americana ancorada en Pearl Harbor en decembro de 1941, os contendentes quedaron perfectamente delimitados.

Voluntarios españois contra Rusia

Documento 30

«A xuventude española en pé vibrou con toda a alma diante da grande misión histórica de exterminalo comunismo. Aquí deuse a primeira batalla e acadouse a primeira victoria. Agora España atópase vigorosamente presente na segunda batalla. En vez de vilas e aldeas españolas arderán vilas e aldeas rusas. As rapazas da Falanxe toman parte con leda solicitude nas campañas de entusiasmo patriótico. Podevedes ver unha delas no intre en que lle coloca a un dos voluntarios unha medalla da Virxe do Pilar.»

Semana, Madrid, 15 de xullo de 1941, Número 73, Ano II. Prezo: 75 céntimos

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

- 24 Despois de estudia-los mapas correspondentes ós documentos anteriores, enumera os estados contendentes na II Guerra Mundial, entre setembro de 1939 e novembro de 1941, nos dous bandos. Comenta os estados que se van incorporando ó conflito e as posibles novas alianzas entre eles. Non esquezas aqueles que desapareceron no decurso da guerra. Utiliza tres columnas, colocando en cada unha delas os principais estados democráticos, os fascistas máis coñecidos e os estados totalitarios non fascistas.

- 25 ¿Cal era a postura de España na guerra? Estudiando os documentos 30 e 31, explicade como se presenta nos mesmos a Guerra Mundial e o porqué desta presentación.

Vivir e morrer durante a guerra

Documento 32



*Mercado negro.
Crime contra a comunidade*

Documento 33



Eles precisan toda a gasolina que ti poidas aforrar. Cada ama de casa pode axudar ás forzas armadas mantendo o consumo de combustible tan baixo como sexa posible.

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. Á II GUERRA MUNDIAL

26

Fixate nos dous pósters anteriores e intenta describir algúns dos principais problemas cotiáns que terían os habitantes dos países en guerra. Tal como fixemos ata agora, atende á orde habitual de comentario.

C. Unha nova forma de vivir: as consecuencias da guerra. Elementos positivos, de convivencia pacífica

Documento 34

«O presidente do Consello de Comisarios do Pobo da URSS, o primeiro ministro do Reino Unido e o presidente dos Estados Unidos de América declaran que (...)

O restablecemento da orde en Europa e a reconstrución da vida económica nacional deberán de levarse a cabo por métodos que lles permitan ós pobos liberados elimina-los últimos vestixios do nazismo e do fascismo e dárense a eles mesmos institucións democráticas da súa libre elección. E un dos principios da Carta Atlántica é que tódolos pobos teñen o dereito de escolle-la forma de goberno en que desexan vivir e que os dereitos soberanos e a autonomía dos que foron despoixados pola forza polos países agresores deben ser restituídos.

Coa finalidade de favorecer-las condicións baixo das cales os pobos liberados poderán exercer-las seus dereitos, os tres gobernos acordarán conxuntamente a súa axuda ós pobos dos estados liberados de Europa ou dos antigos satélites do Eixe, cada vez que sexa necesario e en función da situación para:

1. Asegura-la paz interior do país.
2. Tomar medidas de urxencia para aliviar-las apuros da poboación.
3. Instalar gobernos provisorios nos que estarán representados tódolos elementos democráticos da poboación que deberán, por medio de eleccións libres, constituír tan rapidamente como sexa posible, gobernos que respondan á vontade popular e co fin de facilitar, se fixera falta, tales eleccións.»

Declaración sobre a Europa liberada, firmada en Ialta o 11 de febreiro de 1945

27



Comentade individualmente o documento anterior, atendendo ós seguintes apartados:

- ¿Cales son os estados principais que se mencionan e que outros estados dos vencedores non aparecen? ¿Tódolos estados que aparecen na cabeceira do documento cumprian o requisito de dispor de institucións democráticas, tal e como se desexa para os estados liberados do fascismo?
- Explica as diferencias entre o que nel se di e o que ocorria na realidade.

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

28

Coa axuda dun atlas, debuxade a continuación sobre un mapa mudo europeo as zonas de influencia das superpotencias ó final da II Guerra Mundial. Facede o mesmo cun mapa-mundi atendendo, sobre todo, á situación das colonias.



A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

Elementos negativos: Destrucción, morte e horror

Documento 35

«Nos primeiros meses de 1939 estaba eu estudiando en Alemaña. Aínda que no Reino Unido todos pensabamos que a guerra era inevitable, os meus amigos alemáns non tiñan esa mesma sensación de desastre inminente. Pensaban que Hitler conseguiría sen guerra todo o que os alemáns querían: unha revisión das inxustas condicións do Tratado de Versalles de 1919 imposta a unha Alemaña derrotada. Cando se desencadeou a guerra, en setembro de 1939, foi unha sorpresa desagradable. Non houbo multitudes ledas polas rúas de Berlín; só "grupos silandeiros con expresións ausentes".

Dende 1936 véñse librando un amargo e encarnizado combate.

¿Puido evitarse a II Guerra Mundial opoñéndose o Reino Unido e Francia ás primeiras esixencias de Hitler? ¿Ou as concesións que se lle fixeron a Hitler coa política de apazugamento fixeron inevitable a guerra? Lémbrense primeiro que nos anos trinta, logo da incesante masacre que foi a primeira Guerra Mundial –60.000 británicos mortos nun día– os políticos da posguerra e a opinión política de Francia e do Reino Unido estaban decididos a evitar outra guerra. Neville Chamberlain, primeiro ministro británico en 1937, considerou que a súa misión era evita-la repetición dunha guerra semellante; era un home duro e obstinado, o primeiro ministro máis poderoso da era moderna, completamente convencido da lexitimidade das súas opinións. Coma a maior parte dos seus colegas decatouse de que a guerra de 1914 espremera ó límite os recursos británicos e que outra guerra levaría o país á creba e provocaría a fin do imperio británico –opinión que resultou ser acertada–. Ademais Chamberlain compartía a extendida crenza de que o duro trato que se dera a Alemaña no acordo de Versalles fora inxusto. Lord Lothian, un destacado apazugador, chegou a xustifica-la persecución dos xudeus por parte de Hitler alegando "a persecución externa á que se sometera a Alemaña" dende 1919.»

Raymond Carr, "Memoria da II Guerra Mundial", *El País semanal*, abril de 1995

As perdas humanas e materiais foron terribles. Nunca con anterioridade unha contenda bélica tivera tan alta capacidade destructiva. As cifras de mortos e feridos varían dunha fonte a outra pero, en tódolos casos, cóntanse por millóns. Por primeira vez, as perdas da poboación civil foron iguais ou superiores ás dos militares, ás dos soldados.

VÍCTIMAS EN MILLÓNS DA II GUERRA MUNDIAL DOCUMENTO 36




A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

Como é obvio, non tódolos estados tiveron o mesmo número de mortos, feridos e desaparecidos. A variable participación na guerra e, sobre todo, o feito de que os combates tiveron ou non lugar no seu territorio, determinou, xunto cos resultados finais da guerra, a proporción de vítimas. O holocausto, o intento de exterminio de todo un pobo –o xudeu– por motivos raciais foi un dos principais horrores do conflito.

VÍCTIMAS DA II GUERRA MUNDIAL CALCULADAS EN MILLEIROS

DOCUMENTO 37



Testemuño de Hisaio Yaguchi, nena de once anos,
cando estoupou a primeira bomba atómica

Documento 38

«Á mañá seguinte, a alarma acabou ó mediodía. Miña irmá foi á comisaría de policía do oeste, meu irmán menor volveu ó seu traballo, meu curmán Ken-Txan e mais eu volvemos á escola. Cando estabamos formando para entrar na clase estoupou un lóstrego brusco e ferinte e vímonos golpeados por unha man invisible. Unha luz de cor amarela escura espáreseuse ó noso redor cunha intensidade tal que non podiamos abri-los ollos. Tapei a cara coas mans e vireime. Alguén berrou ó meu carón e tivemos que botarnos ó chan. Estabamos no patio da escola e, ó cabo dalgúns segundos, escoitei unhas voces que viñan da parte norte. Erguín a cabeza e vin a xente correr cara á saída berrando abraida. Eu tamén berraba, ó mesmo tempo que seguía correndo con tódalas miñas forzas. No sopé do outeiro, as enfermeiras do hospital de Mitaki recolléronnos e trasladáronnos ó refuxio antiaéreo máis próximo. As nosas feridas eran cada vez máis dolorosas e púxenme a chorar. Ken-Txan tamén comezou a chorar. Eran uns saloucos queixosos, interrompidos, que me facían tremer e me poñían a pel de galiña. Ademais, as enfermeiras que nos recolleran, conducían cara ó refuxio cada vez a máis feridos. Mirei para o home que tiña ó meu carón, un inválido. Semellaba que tiña vertixe e caeu no chan. Unha enfermeira correu ó exterior e volveu con algunhas alfombras que botou na terra. O home deitouse sobre as alfombras recubertas por unha saba moi sucia. Despois de preguntarlle ó soldado, a enfermeira escribiu un nome nun anaco de papel e púxoo á altura da súa cabeza. Ó meu redor todos parecían mortos.

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

Collín a man de Ken-Txan para saír do refuxio, pero no exterior chovía moitísimo. Os dous cho-rabamos desconsoladamente; soprábamonos un ó outro as queimaduras para calma-la nosa dor.

Pasou cerca dunha hora. A chuvia cesara. Como ningunha enfermeira se preocupaba de nós Ken-Txan e mais eu abandonámo-lo refuxio. Mentres estivemos sentados as nosas pernas volvéranse tan ríxidas que agora non podíamos nin dobralas. Fóra pasaba unha procesión de vítimas queimadas. Os seus corpos estaban arroxados e case todos camiñaban espidos. Aquelas persoas movíanse moi lentamente e a cada pouco había algunha que caía na terra. A carón dos ríos e polos campos os homes e as mulleres deitábanse na terra coma bestas. Máis lonxe, preto dunha ponte, unha muller preñada, chea de queimaduras, deitábase na terra completamente espida.

F. Gijón, *Horror en cadea*, Barcelona, 1960

Documento 39

«Trátouse, por moitos conceptos, dunha guerra total, probablemente a máis ampla, intensa e destructiva das coñecidas ata entón na historia. Morreron uns sesenta millóns de persoas. A II Guerra Mundial deixou certamente un legado de episodios memorables (a Batalla de Inglaterra, o Alamein, Stalingrado, Guadalcanal, o Desembarco de Normandía, as Ardenas) e de mitos e heroes (a RAF británica, Montgomery, Rommel, MacArthur, Patton, De Gaulle, Jean Moulin, a Resistencia, Zhukov). Pero deixou tamén unha herdanza amarga e terrible de arrepío: as destrucións de Rotterdam e Coventry, de Hamburgo e Dresde, de Montecassino, de Hiroshima e Nagasaki e, por riba de todo, o holocausto, a exterminación do pobo xudeu. Auschwitz, Dachau, Buchenwald, Mauthausen, Chelmo e Treblinka.»

J.P. Fisi, *A síndrome da guerra*

29

Despois de estudia-los catro documentos anteriores, traballade as seguintes cuestións: a II Guerra Mundial supuxo unha nova ordenación do espacio europeo e mundial. ¿Que novas superpotencias emerxeron ó acaba-la guerra e por que? En cambio outras potencias mundiais perderon, en parte como consecuencia do seu esforzo bélico, a súa condición de primeiras potencias. ¿Cales foron? Enumera algunha das razóns polas que estes estados se víron subordinados a unha nova orde mundial.

A CONVIVENCIA IMPOSIBLE DAS TRES SOLUCIÓNS Á CRISE DO 29. A II GUERRA MUNDIAL

Conclusións da clase



30 Como continuación do exercicio anterior, traballando en equipo, debatede, a partir dos últimos documentos, sobre as consecuencias que a II Guerra Mundial tería para a forma de pensar e vivir de toda a humanidade. ¿Houbo cambios nesta forma de pensar? ¿Por que razóns?

Conclusións individuais



31 A creación da **Organización de Nacións Unidas**, á conclusión da II Guerra Mundial, ¿supuxo cambios na forma en que a humanidade se enfrenta ás guerras? Facede individualmente unha breve síntese final. Podedes tomar como exemplos para a reflexión os casos recentes de Somalia, a antiga Iugoslavia, etc.

“Sete”

O REMATE DUNHA ILUSIÓN:
O GULAG COMUNISTA


Despois da II Guerra Mundial, a URSS converteuse nunha das principais potencias mundiais. A nova Unión Soviética conseguiu estende-la súa influencia por todo o mundo; en Europa, concretamente, gañou peso no territorio que ocupaban as chamadas nacións irmás, gobernadas por partidos comunistas ás ordes da URSS. Por medio de revolucións, coincidentes coa chegada das tropas soviéticas en plena guerra, ou pola ocupación pura e simple dos territorios, unha boa parte da Europa Central pasou a depender completamente da URSS.

A. A formación do imperio soviético despois da II Guerra Mundial

O IMPERIO SOVIÉTICO DESPOIS DA II GUERRA MUNDIAL

DOCUMENTO 40

Este mapa recolle o novo mapa de Europa logo da II Guerra Mundial. A expansión da área de influencia da URSS. nos países da Europa do leste.



O REMATE DUNHA ILUSIÓN: O GULAG COMUNISTA

32

Despois do estudo do documento nº 40, razoa individualmente por escrito sobre os cambios económicos e políticos que aconteceron en Europa como consecuencia da política soviética despois das guerras mundiais. ¿Pensas que se pode falar dun imperio soviético? ¿Por que?

B. A evolución sociopolítica na URSS

A tremenda expansión da revolución soviética, as máis das veces pola forza, tivo un custo derivado do réxime de dictadura política que significaba o estalinismo: a supresión de tódalas disidencias; a eliminación de calquera punto de vista que non diferise da doutrina oficial, tanto no ámbito político como no terreo científico.

Contra a ciencia «burguesa»: O caso Lysenko

Algúns científicos soviéticos, apoiados polo poder, desenvolveron, durante o período estalinista unha forma de velo mundo segundo a cal a única ciencia posible e verdadeira era aquela que defendía os intereses do proletariado. Contra esta forma de entender a ciencia erguíase a «ciencia burguesa», distorsionada polo capitalismo e inimiga do pobo.

Lysenko, cando a política interfere na ciencia

Documento 41

«Moitas veces na historia, ideas relixiosas ou políticas interferiron de xeito transcendental no decurso do desenvolvemento científico. Se cadra, un dos casos máis claros ó respecto é o de Trofim Denisovich Lysenko, biólogo soviético que retrasou o avance da investigación xenética no seu país durante máis de cincuenta anos. Igual que o que pensaba Lamarck un século antes, Lysenko sostiña que os caracteres adquiridos podíanse herdar. Deste xeito enfrontouse ás teorías de Mendel, Weisman e Morgan, que, pola contra, sostiñan que os caracteres adquiridos non eran innatos. O asunto non chegaría máis alá dunha simple disputa entre diferentes escolas científicas de non ser por unha cuestión allea á ciencia: a amizade de Lysenko con Stalin. Lysenko soubo moldeala súa teoría coa filosofía do partido, e gracias a iso, nunha xuntanza de agrónomos e co apoio de Stalin, as súas ideas impuxéronse en todo o país. Estas prevaleceron ata a morte do dictador en 1953, pero o mal xa estaba feito.»

Benjamín Fernández Ruiz, *A vida: orixe e evolución*, ed. Salvat, Temas Clave, páx. 43, Barcelona, 1980

33

O documento anterior recolle o debate sobre a relación entre ciencia e política. ¿Pensades que a ciencia é ou debe ser independente dos políticos? ¿É iso posible? Discutide en equipo os pros e os contras deste debate, aportando razóns, argumentos de cada unha das posturas centrándovos, primeiro, no caso da Unión Soviética da posguerra, para logo pasar a discutir se isto acontece tamén hoxe na sociedade actual.

C. A esperanza vive fóra. A revolución exportada. 1953-68. Cronoloxía das revolucións no Terceiro Mundo

34

Elabora un eixo cronolóxico onde se recollan as principais revolucións e movementos de liberación nacional antiimperialistas do período. Terás que busca-las datas en que se producen estes acontecementos e relacionalos, mediante unha grella múltiple, cos principais feitos que acontecen na historia mundial neses anos en Asia, América e Europa. A continuación recolle nun planisferio a situación dos estados que aquí se reflicten:

- China. Toma do poder polos comunistas de Mao Zedong.
- Cuba. Entrada na Habana do movemento guerrilleiro mandado por Fidel Castro.
- Alxeria. Independencia nacional e triunfo da Fronte de Liberación Nacional (FLN) na guerra de guerrillas contra os franceses.
- Vietnam. Evolución logo da retirada xaponesa na II Guerra Mundial. Guerras contra os franceses e os norteamericanos.

O REMATE DUNHA ILUSIÓN: O GULAG COMUNISTA

Os socialismos árabes

Ó remata-la década dos corenta, despois do bloqueo soviético de Berlín e de que lentamente se fosen clarexando os episodios de represión e mortes –por millóns– na URSS, parecía claro que a grande esperanza que para o progreso da humanidade representara a revolución soviética non tiña razón de existir. Eran precisas outras perspectivas, outros horizontes, outros obxectivos que non podían vir xa de Europa. Nin a revolución francesa, coa súa énfase na vontade libre do pobo, nin a soviética, co concepto da dictadura do proletariado, eran xa modelos.

Documento 42

«A Revolución ten fe no principio de que a verdadeira democracia depende menos dunha lei promulgada ou dunha forma de goberno adoptada que das oportunidades que se ofrecen ás diferentes clases da poboación. A disposición da antiga Constitución na que se establecía que "tódolos poderes emanan da nación" non significou ningún proveito para o pobo ó cal non se lle permitía exercer-la súa vontade (...). Todo o mundo puido decatarse de que o Exipto de hoxe é diferente do de onte e de que os seus dirixentes gobernan agora no nome do pobo e expresan a súa vontade. O espírito imperialista que predominaba nos séculos pasados debe desaparecer no presente para dar paso ó novo espírito da liberdade.»

Discurso de Gamal Abdel Nasser ós exipcios o 23 de xullo de 1954

35

Facemos un resumo.

Traballando en pequeno grupo, facede un resumo sobre as revolucións de posguerra no chamado Terceiro Mundo, comentando os problemas que se pretendían solucionar e os inimigos contra os que loitar. ¿Quen podía axudar ós revolucionarios e por que? Pola contra, enuncia quen se podía opoñer a eles indicando tamén o porqué.



O REMATE DUNHA ILUSIÓN: O GULAG COMUNISTA

Documento 44

«Alemaña, dividida como consecuencia da súa derrota na II Guerra Mundial, comezou a experimentar unha emigración masiva que se desprazaba dende a Alemaña oriental, baixo control soviético, á Alemaña occidental, de influencia angloamericana. Moitos factores incidían neste transvasamento de poboación. O mellor nivel de vida da parte occidental, as maiores liberdades desta zona e unha menor sensación de ocupación política e militar que na Alemaña do leste. Como consecuencia de todos estes factores, calcúlase que entre 1950 e 1962, uns 3,5 millóns de alemáns do leste abandonaran o seu territorio. É dicir, case un 20% da poboación da Alemaña oriental emigrara a Occidente. Para deter este éxodo, a partir de 1961, os soviéticos comezaron a levantar un muro que separara as dúas zonas. As tentativas de evasión, como se dun campo de concentración se tratara, eran castigadas coa morte ou con severísimos xuízos.»

Elaboración propia

36

Baseándote nos documentos anteriores, elabora individualmente un breve resumo onde se recollan as represións soviéticas en Europa despois da II Guerra Mundial. Logo, sitúaaas nun mapa mudo.

37

Busca información sobre o termo *gulag*. Investiga quen o popularizou e por que. ¿Pódese xustificar a eliminación da liberdade doutros pobos para acadar a revolución mundial? Discutide en equipo sobre esta cuestión, apoiádevos nas conclusións obtidas da discusión inicial da actividade quinta (exercicio 19).

E. A mentira como política: A destrucción das liberdades individuais

Nos anos cincuenta, o mundo estaba inmerso na denominada guerra fría, unha situación de enfrontamento entre dúas grandes potencias, a URSS e os EE.UU., acompañada cada unha dos seus satélites, os estados pertencentes ás súas áreas de influencia. Nos dous bandos perseguíase sen cuartel ós que non compartían a ideoloxía oficial. Nada era pouco para reprimir ós discrepantes, mais existía unha diferenza esencial: en Occidente, había máis posibilidades de discutir e sublevarse porque existían mecanismos colectivos de discusión e debate, democracia. No imperio soviético existía un partido único e unha soa opinión oficial.

Porén, nunha sociedade cada vez máis dominada polos medios de comunicación de masas –prensa, radio e televisión–, cada vez máis bombardeada pola propaganda política e na que era mester xustifica-lo inxustificable, recorreuse á mentira sistemática, en ámbalas dúas partes, como instrumento da política. Con maior ou menor habelencia e sutileza, o obxectivo final era reduci-la capacidade de elección dos individuos en defensa dunha suposta identidade colectiva.

Documento 45

«Cara ás eleccións legislativas que terían lugar en Francia o 20 de outubro de 1962, un organismo denominado *Centro de información cívica* facía campaña contra a abstención. Ó efecto, propoñíase difundir por televisión reportaxes feitas a transeúntes: elixíanse ó chou na rúa e eran ás veces un médico, e outras un taxista ou un mestre que declaraban interesarse polos asuntos públicos e que o 20 de outubro non deixarían de votar. Pero, en realidade, tratábase de actores profesionais, pagados para recita-lo texto. Pero a argallada foi descuberta por uns xornalistas, e as entrevistas fraudulentas non foron televisadas. (*Télmagazine*, nº 367, semana do 10 de novembro de 1962) (...).

Así mesmo, en 1973, durante a campaña para as eleccións legislativas, dous deputados da dereita utilizaron a fotografía dun grupo de mulleres que, de brazos erguidos e coa boca aberta, semellaban estar en actitude de aclamación. E a lenda dicía: "A V República liberou as mulleres de Francia." Agora ben, as mulleres en cuestión eran en realidade obreiras en folga; a fotografía fora cortada exactamente entre o final das súas mans e as pancartas que sostían sobre as súas cabezas (*Le Canard enchaîné* do 28 de febreiro de 1976).»

G. Durandín, *A mentira na propaganda política e na publicidade*, ed. Paidós, páxs. 71-74, Barcelona, 1990

O REMATE DUNHA ILUSIÓN: O GULAG COMUNISTA

Documento 46

«Tamén o Partido Comunista francés practica de boa gana a omisión. Un dos exemplos máis coñecidos é o do "Informe Jruschov". En febreiro de 1956, é dicir, tres anos despois da morte de Stalin (que aconteceu o 6 de marzo de 1953), tivo lugar o XX Congreso do Partido Comunista da Unión Soviética. Ó remate deste congreso, o día 24 de febreiro, Jruschov, primeiro secretario do Comité Central, presentou un informe suplementario cualificado de "secreto". Durante catro horas denunciou o culto á personalidade de que Stalin fora obxecto, os erros que este cometera en varios terreos e os crimes perpetrados baixo as súas ordes: milleiros de fiucegos e inocentes comunistas, dixo Jruschov en substancia, foron condenados a morte a partir de 1936, ó remate de odiosos procesos en que se lles arrincaron presuntas confesións (...).

A delegación francesa que asistiu ó XX Congreso tivo coñecemento deste informe, pero non falou del ó seu retorno por medo á desmoralización dos comunistas franceses. Pero o informe foi publicado por *Le Monde* no xuño seguinte, e tamén por *Franc-Tireur*, co que deixou de ser secreto.»

G. DURANDIN, *A mentira na propaganda política e na publicidade*, ed. Paidós, Páxs. 83-84, Barcelona, 1990

38

No documento anterior fálase do «culto á personalidade» de Stalin, ¿que quere dicir esta frase e que consecuencias ten o culto á personalidade do líder para a vida pública dunha nación? ¿Es capaz de lembrar outros exemplos, na historia recente de España, por exemplo, de culto á personalidade? ¿Só os comunistas aplicaban o culto á personalidade?

O REMATE DUNHA ILUSIÓN: O GULAG COMUNISTA

39



Facemos un resumo.

¿En que consiste a manipulación da opinión pública? ¿En que mecanismos se basea? ¿Acontecía soamente na URSS? ¿Que argumentos podería propoñe-lo Partido Comunista da Unión Soviética para agocharlle-lo que alí acontecía a outros Partidos Comunistas occidentais?

Elabora un resumo onde, razoadamente, sintetice-los posibles pros e contras do que puido pasar, tanto na Europa occidental como na oriental, e o porqué.

Conclusións da clase



40 Retomando tódolos elementos desta actividade, debatede, primeiro en pequeno grupo e logo co grupo-clase por medio dos voceiros, o termo *gulag* e logo volvede discutir, agora con máis información e argumentos, o gran problema: na tentativa de acadar unha vida mellor para tódolos homes e mulleres, ¿pagaba a pena empregar calquera medio? Noutras palabras, diríades que ¿O FIN XUSTIFICA OS MEDIOS?, ou ¿OS MEDIOS IMPUXÉRONSE SOBRE OS FINS?

A. O american way of live

Rematada a II Guerra Mundial coa derrota definitiva das potencias fascistas, os vencedores establecen unha nova orde internacional. A partir de 1945, e ata a Guerra do Golfo, na década dos noventa, a capacidade decisoria sobre a política mundial pasa das vellas nacións europeas ós dous centros de poder extraeuropeos que consolidan o seu liderato mundial: a Unión Soviética e os Estados Unidos.

Estas grandes potencias, a partir deste intre, establecen un novo xeito de goberna-lo mundo, dividido en zonas de influencia, onde cada unha delas impón a súa hexemonía sobre a súa área: os Estados Unidos, que exercen o seu poder sobre a Europa occidental, e a Unión Soviética, que o fai sobre a Europa oriental e gran parte de Asia.

Deste xeito, o mundo queda dividido en dous grandes bloques

FICHA DE TRABAJO

Bloque occidental	Bloque oriental
<p>Sistema político democrático.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elección pública dos dirixentes. • Leis elaboradas polos deputados. • Xustiza independente do goberno e do poder lexislativo. <p>Sistema político capitalista.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Propiedade privada. • Liberdade de empresa. 	<p>Sistema político de dictadura do Partido Comunista.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O Partido e o xefe do Estado controlan tódolos poderes. <p>Sistema económico planificado e estatal.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os medios de produción son de todos, públicos. • O Estado é o propietario de tódolos recursos económicos.

41

Partindo dos datos que che proporcionaron as actividades anteriores e daqueles outros dimandados da ficha anterior, fai unha recapitulación sobre a organización política e económica dos dous bloques. Dé a túa opinión persoal meditada sobre as vantaxes e desvantaxes das dúas organizacións. ¿Cal che parece mellor e por que?

O AMERICAN WAY OF LIFE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

Despois da II Guerra Mundial, Europa occidental, que ata hai pouco tempo fora a dona do mundo, pasa a se converter nunha especie de parente pobre, xa que os Estados Unidos impoñen os seus criterios sobre ela, tanto dende o punto de vista político como do económico. Politicamente, os EE.UU. controlan Europa mediante a aplicación do Plan de Truman de contención do comunismo. Faino tamén economicamente, gracias ó Plan Marshall de reconstrucción de Europa, que permitiu a penetración das multinacionais americanas.

Como resultado de todo iso, non só se impuxo a ideoloxía empresarial e a estrutura social americana, senón tamén a súa forma de vivir, o AMERICAN WAY OF LIFE.

¿Que acontece nos EE.UU.

A doutrina de Truman (1947)

Documento 47

«Sen embargo, non acadarémolos nosos obxectivos a menos que esteamos dispostos a axudar ós pobos libres a preservar as súas institucións libres e a súa integridade nacional fronte ós movementos agresivos que tratan de impoñerlles réximes autoritarios.

(...) Os pobos de varios países tiveron que aceptar recentemente, contra a súa vontade, réximes totalitarios en Polonia, Romanía e Bulgaria. Na presente etapa da historia mundial case tódalas nacións deben elixir entre modos alternativos de vida:

1. Un dos modos de vida baséase na vontade da maioría e distínguese pola existencia de institucións libres, un goberno representativo, eleccións limpas, garantías á liberdade individual, liberdade de palabra e relixión e o dereito de vivir sen opresión política.

2. O outro baséase na vontade da minoría imposta mediante a forza á maioría. Repousa no terror e na opresión, nunha prensa e radio controladas, en eleccións fraudulentas e na supresión de liberdades individuais.

Creo que a política dos Estados Unidos debe encamiñarse a axudar ós pobos libres a labrárense o seu propio destino de acordo coas súas propias ideas. Creo que a nosa axuda debería efectuarse primordialmente mediante a asistencia económica e financeira, que é esencial para a estabilidade política.»

Harry S. Truman, «Discurso diante do Congreso, o 12 de marzo de 1947», en R.R. May, *Imaxe dos Estados Unidos. As relacións internacionais*, páxs. 277-281, ed. Vea y Lea, Bos Aires, 1964

McCarthy, cazador de bruxas

Documento 48

«Dende finais da década dos 40, e no marco da guerra fría, do enfrontamento entre o mundo occidental e o comunista, o comité de McCarthy levava a cabo unha campaña contra persoeiros liberais do mundo artístico, literario e científico ós que consideraba sospeitosos de simpatizar co comunismo que foi prohibido e perseguido. O estalido da Guerra de Corea agravou máis, se cabe, a atmosfera de represión e censura.

O ambiente de persecución estendeuse non só ós comunistas, senón tamén a calquera outra persoa progresista ou de esquerdas. Persoas tan famosas como Charles Chaplin, *Charlot*, ou o dramaturgo Arthur Miller foron perseguidas e a súa obra censurada.»

Elaboración propia

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

42

Nos dous documentos anteriores exprésase unha dobre estratexia dos EE.UU. Partindo dos mesmos, trata de resumir estas dúas liñas contrapostas de actuación: ¿onde se desenvolven?, ¿son simultáneas?, ¿en que consisten?

Conclusiones da clase



43 Traballade, primeiro en equipo e logo en asemblea de clase, as seguintes cuestións:

- ¿Que sistema político foi o predominante na Europa occidental logo da II Guerra Mundial? ¿Podedes citar algunhas das súas institucións e dicir como se producía o nomeamento dos líderes políticos?
- Compara e sinala as diferencias entre un sistema democrático e un dictatorial. Indica en que sistema incluírias os principais estados –os que ti coñezas– da Europa occidental.

¿Que acontece na Europa occidental?

Documento 49

«Na Europa occidental a situación complicouse notablemente ó remata-la II Guerra Mundial. Os antigos aliados contra os fascismos, os estados occidentais e a URSS., pasaron dunha política de amizade a outra de desafío e confrontación. O bloqueo de Berlín, dividido entre as potencias occidentais e a URSS., polos soviéticos, foi o tiro de saída da guerra fría. Ó remate dos anos 40 unha guerra aberta entre os dous bloques podía ter consecuencias desastrosas para todos. A bomba atómica deixou axiña de ser unha posesión exclusiva dos EE.UU. e, por vez primeira na historia da humanidade, un conflito aberto podía rematar coa vida na Terra. Había que se contentar con dominar completamente sobre a propia zona e fustriga-la allea. Nacera a guerra fría.

As dificultades e tensións entre os dous bloques como consecuencia da Guerra de Corea (1950-1953) e a necesidade dos EE.UU. de ter bases militares na Europa occidental, fixo que os norteamericanos manifestaran o seu interese por España como país onde establecer esas bases. España debía formar parte dun amplo dispositivo de control ó redor dos países comunistas que impedise a expansión do comunismo. Estando xa as negociacións en curso, o presidente Truman dixo: A cambio das bases militares e navais de utilización conxunta, os EE.UU. facilitarán a España axuda militar, económica e técnica.

España, que daquela atravesaba uns momentos de grandes dificultades económicas, viuse indirectamente favorecida pola confrontación. O réxime dictatorial do xeneral Franco, xurdido ó remate da Guerra Civil (1936-1939), era rexeitado internacionalmente, xa que simpatizaba e colaborara na II Guerra Mundial coas potencias fascistas. Pero a nova atmosfera de guerra fría permitiu que o réxime fora tolerado polas democracias occidentais, encabezadas polos EE.UU., que valoraron positivamente o anticomunismo de Franco e moi útil para eles na loita contra o novo inimigo, a Unión Soviética.»

Elaboración propia

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

44

A partir do documento anterior emite unha hipótese razoada sobre as causas e motivos polos que os EE.UU. apoian a certos gobernos e prohíben ou limitan, ó mesmo tempo, a actividade dos partidos comunistas. As seguintes cuestións pódennche axudar a completala e razoala:

- ¿O investimento económico en Europa, tería consecuencias políticas? ¿Axudaría a conte-lo comunismo?
- ¿Por que razóns se oporían agora os EE.UU. e o mundo occidental, por unha banda; e a URSS. e o bloque oriental, pola outra?

Conclusiones da clase



45 ¿Como foi posible que nos EE.UU., o principal defensor das liberdades democráticas, se perseguise e represaliara ós liberais –progresistas e esquerdistas– acusándoos de comunistas? Debatede en asemblea de clase.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

B. A reconstrucción de Europa. O Plan Marshall. O dominio do dólar

Ó remata-la II Guerra Mundial, Europa queda totalmente arruinada polos desastres do enfrontamento. Sufriera graves perdas humanas, as súas fábricas e medios de transporte estaban destruídos, tiña grandes dificultades para produci-los alimentos que precisaba e tampouco tiña cartos para poder mercárllelos a outros países: semellaba que a situación podería conducir a revoltas populares e o triunfo do comunismo. Pola contra, os EE.UU., país que non vira afectado o seu territorio de xeito directo pola guerra, reforzou o seu potencial económico e converteuse no banqueiro dos vencedores. A guerra alterara a orde económica internacional. Cumpría fixar novas regras e establecer unha nova orde mundial capitalista. As súas bases conformáronse na conferencia de Bretton Woods en xullo de 1944. Alí, acordáronse os seguintes principios:

- a. Creación do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional como organismos rectores da economía mundial. Tódolos países membros debían contribuír cunha cota a estes organismos, en función da súa riqueza. Os fondos así acadados habían servir para realizar empréstimos ós países con dificultades económicas.
- b. Establecer un sistema monetario internacional baseado no dólar como medio de pago aceptado internacionalmente. O dólar sería a moeda internacional de cambio, coas mesmas garantías có ouro, pois os EE.UU. eran o único país que tiña a moeda cuberta por reservas suficientes de ouro. Dispoñer de dólares equivalía a dispoñer de ouro.

Fragmento do discurso pronunciado na Universidade de Harvard, Documento 50 o 5 de xuño de 1946, polo secretario de Estado americano George Marshall

«A verdade é que as necesidades de Europa de alimentos estranxeiros e outros produtos esenciais para os vindeiros tres ou catro anos –especialmente de América– están por enriba das súas posibilidades de pago. Ou ben obteñen unha considerable axuda adicional ou enfrontaranse cun estrago da situación económica, social e política de carácter moi grave (...). As consecuencias para a economía dos Estados Unidos son claras para todos (...). A nosa política non está dirixida contra ningún país ou doutrina, senón contra a fame, a pobreza, a desesperación e a desorde.»

J.A. Lacomba, e alii, *Historia Contemporánea Mundial. Bibliografía e textos*, páx.85, I.C.E. de Málaga, 1978

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

DOCUMENTO 51



Gastos do Plan Marshall

Documento 52

«Os gastos que o Plan Marshall, segundo a Economic Cooperation Administration, axencia establecida en Wáshington para supervisa-lo programa, aprobou un importe total aproximado de 13.000 millóns de dólares (en dólares actuais representaría a substancial suma de 53.000 millóns).

- O 59%, para alimentos e materiais industriais.
- O 17%, para fueloil.
- O 17%, para maquinaria.
- O 7%, para os custos de transporte.»

Elaboración propia a partir de J.K. Galbraith, *Unha viaxe pola economía do noso tempo*, ed. Ariel S.A., Barcelona 1994

46

Establece relacións entre o discurso de Truman –documento nº 47– e o do seu secretario de Estado G. Marshall –documento nº 50.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

47

Observa os carteis do documento 51 e explica o porqué das diferentes posturas simbolizadas en cada un deles. Sírverte da guía de observación que xa se comentou noutros documentos gráficos anteriores; primeiro describe; despois analiza e relaciona e, finalmente, interpreta.

Documento 53

« (...) Cara a 1947 ou 1948 fíxose claramente evidente outro factor que sería economicamente importante e mesmo dominante en case toda a seguinte metade do século. Este factor era o medo ó comunismo.

Cando se puxo en práctica o Plan Marshall, os seus creadores estaban motivados tanto por unha compaixón desinteresada pola xente economicamente aflixida, como por unha preocupación fonda e insistente de que a Unión Soviética puidera ocupar unha Europa occidental deprimida e vulnerable. Esta ligazón de boa vontade e de fondo medo axudou a aproba-los grandes custos monetarios.

(...) A xenerosidade do Plan Marshall tivo tamén un efecto menos coñecido. Grande parte dos cartos proporcionados volveron ós EE.UU., pola compra de alimentos, materias primas e bens de capital, sendo así un poderoso estimulante da economía estadounidense.


(...) O esforzo de axuda nos anos posteriores á II Guerra Mundial viña motivado, como xa dixemos, por dúas cousas: unha certa compaixón e medo fundamente apegado ó comunismo. Este último precisaba o apoio do desenvolvemento económico, pero dun xeito aínda máis apremiante, precisaba o apoio militar.»

J.K. Galbraith, *Unha viaxe pola economía do noso tempo*, ed. Ariel S.A., Barcelona, 1994

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

RENDA NACIONAL POR HABITANTES NOS ESTADOS UNIDOS

DOCUMENTO 54



48

Comproba as hipóteses que formulaches no exercicio 44 cos novos datos que agora tes, e intenta extraer novas conclusións.

49

Analiza a gráfica do documento 54. Cómpre que o fagas, aínda que algo modificado, segundo o esquema de costume:

a. Descrición. Onde debes de indicar que é, de que se trata, cando... etc.

b. Análise. Tenta relaciona-los datos dos diferentes países. Comezarás por comparalos entre si, para logo relacionar eses datos con posibles acontecementos da época e xeitos de vivir diferentes.

c. Conclusión. Agora pasaredes á interpretación e explicaréde-lo porqué deses datos.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

C. A sociedade de consumo

DOCUMENTO 55

O mundo prospera. A seguridade técnica é fundamental, INTER, ó mesmo tempo que as máis famosas marcas do mundo, incorpora o CIRCUÍTO IMPRESO ESTATIFICADO. Circuito fixo, estable e inalterable. A precisión científica do laboratorio "estampada" exactamento en tódolos televisores INTER.



ACERTADO por un propósito único

Todo o que debe ter un televisor teno INTER

DESTACA :

- PANTALLA "TELE-SCOPE", de maior cobertura e perfecta en todos los ángulos, gracias al Film Curvo Patentado.
- BARRIDO DE ALTA VELOCIDAD, a través del tubo de rayos.
- INTERRUPTOR DE FLUJOS que evita la regulación del volumen desde una sola de las botas de operación.
- SELECCIÓN, pulsador electrónico que cambia rápido por la imagen.
- CONTROLES AUTOMÁTICOS de sensibilidad, sincronización y de sonido (cambios instantáneos).
- CILINDRO AUTO-LIBRE LINE (Light Mechanical Filter) que regula automáticamente la intensidad de la luminosidad según la luz ambiente.
- LÍNEA INTER SLIM

ADMIRE A NOVA
línea INTER Slim DE 19" Y 23"
sexa vostede esixente... prefira un INTER



A difusión da televisión foi un dos símbolos da sociedade de consumo dos anos 50 e 60. Ademais de cambia-las ideas e os comportamentos tradicionais, resultou un grande negocio para as multinacionais da electrónica.

DOCUMENTO 56

LEACRIL®
nunca
queda
manchado



Os artigos fabricados con esta nova fibra acrílica lánvanse con gran rapidez e facilidade. A mancha máis rebelde desaparece no acto. O artigo non encolle e conserva a súa fermosa aparencia de "novo".

Despois da II Guerra Mundial os países capitalistas viviron unha longa etapa de crecemento económico caracterizado polo acceso das clases medias e baixas ós bens de consumo como o automóbil, signo de triunfo social e prosperidade.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

50

¿Que entendes por sociedade de consumo? Explica a relación existente entre este concepto e os dous documentos anteriores ¿O tipo de sociedade que reflicten é a de hoxe?

51

Comenta o anuncio do documento 56 seguindo os apartados de costume –(describir, relacionar e interpretar)–. Fíxate especialmente nos papeis diferenciados que se lle outorgan ó home e á muller.

Superadas as dificultades inmediatas á II Guerra Mundial gracias á axuda americana, Europa occidental experimenta un crecemento económico espectacular a partir de 1945. O mesmo sucede no resto dos países capitalistas.

Esta nova etapa supón a fin dunha época de profundos cambios económicos e sociais, a entrada nun tempo novo marcado por cambios moi rápidos na forma de producir e de vivir. O descubrimento e a explotación da enerxía atómica con fins pacíficos –centrais nucleares, para producir electricidade–, os progresos da electrónica e da química –aparatos de radio, televisión, electrodomésticos, novas menciñas como os antibióticos, a utilización masiva dos plásticos–, a conquista do espacio e a expansión demográfica –coa súa demanda de máis alimentos e produtos de consumo– constitúen novas ocasións de investimento público e privado.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

A TRANSFORMACIÓN DE FRANCIA

DOCUMENTO 57

	1946	1975
• Poboación total (millóns)	40	52
• Estudantes maiores de 14 anos (millóns)	0,6	4,0
• Distribución da poboación activa (%)		
Sector primario	36	10
Sector secundario	32	38
Sector terciario	32	51
• Duración media anual do traballo denominado de tempo completo (horas—ano).....	2.100	1.875
• Automóbiles particulares (millóns)	1,0	15,3
• Mortalidade infantil (%)	84,4	13,8
• Duración media da vida (homes)	61	69
• Duración media da vida (mulleres)	67	77
• Índice da renda per cápita (1938=100)	87	320
• Poder adquisitivo do salario medio das empregadas do fogar (1939=100)	125	420

Jean Foutastie, *Les Trente glorieuses*, páx. 36, ed. Fayard, 1979

52

Analiza e clasifica os cambios producidos en Europa despois da II Guerra Mundial. ¿Cres que está xustifico denominar anos gloriosos ó período que está comprendido entre 1946 e 1975 en Francia? Razoa a resposta.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

Documento 58

Se no período de entre guerras o grande problema foi o paro, dende 1945 ata a década dos anos setenta, o aumento constante da produción, a ausencia de crises económicas e unha situación próxima ó pleno emprego, unidas a un maior grao de benestar, fixeron posible unha rápida elevación do nivel de vida. As diferencias sociais reducíronse ó elevarse os salarios máis baixos, e a esperanza de vida aumentou, pero ademais déronse tamén cambios moi profundos na forma de traballar. A estrutura do emprego cambiou, diminuíndo na agricultura e aumentando no sector servicios. O número de alumnos no ensino secundario e superior multiplicouse. En resumo, reducíronse as horas dedicadas ó traballo e aumentaron as adicadas ó ocio. Este cambio espectacular xustifica que o economista Jean Fourastée denominase os anos comprendidos, en Francia, entre 1945 e 1975 os anos gloriosos.

Como resultado do incremento da demanda de todo tipo de bens materiais, produciuse un continuado aumento dos prezos, o que lles permitiu ás empresas gañar cada vez máis. A venda a prazos na compra de electrodomésticos e outros artigos de consumo como os automóviles, a radio, a televisión, etc., xeneralizouse. Finalmente, a masiva incorporación da muller ó mundo do traballo fóra do fogar permitiulles ás clases medias e baixas uns ingresos extras que potenciaron aínda máis as ansias de consumo. A xente confiaba nun futuro que parecía ofrecer cada vez máis riquezas, un inacabable crecemento do nivel de vida.

Elaboración propia

Documento 59

«A instalación da General Motors en España é perfectamente coherente co programa de reconversión do sector», afirmou o Ministro de Industria, Carlos Bustelo, durante o acto de presentación da multinacional americana. Efectivamente, simultaneamente á sinatura do acordo para a chegada a España do primeiro fabricante mundial de automóviles, o goberno asinaba un acordo con outra multinacional, a Fiat, e proseguía as súas conversas coa Ford.

(..) Seat era un conglomerado de intereses estatais, bancarios e multinacionais. As súas perdas, debidas segundo algúns estudos a unha xestión deficiente, facilitarían a definitiva apropiación por parte da Fiat do 90 % das accións, quedando o 10 % restante en mans privadas.»

53

No documento anterior, aparece o concepto de *multinacional*. Intenta explicalo. Razona a resposta e aplica dito concepto á situación do sector do automóbil en España no ano 1979. ¿Por que razón lle interesaría á General Motors instalarse en España?

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

D. O estado de benestar

Presentámosche á familia Bronder de Noruega

Documento 60

«Christina Bronder de 40 anos, comadrou, e Kunt, de 44 anos, enfermeiro psiquiátrico; viven en Aron, un lugar de 1500 habitantes e un só policía, que non leva armas, a 30 km. de Oslo, a capital de Noruega. O matrimonio ten unha granxa de 310 m². repartida en dúas plantas e rodeada por unha fraga de 16.000 m².

(...) En contra do costume de Noruega onde prima a baixa natalidade, os Bronder tiveron catro fillos e adoptaron un quinto, Christer, fillo dunha nai con problemas sociais. Hoxe ten oito anos e Christina ocúpase del a tempo completo. A cambio, cobra do Estado o seu soldo íntegro de comadrou (...). Un equipo de supervisión composto por asistentes sociais e psicólogos ocúpanse de facerlle enquisas mensualmente ó neno e a Christina, para levar un seguimento da evolución do neno e pre-para-la súa volta coa súa nai, cando as circunstancias o permitan.

(...) Un dos fillos, Alexander, de 12 anos, ten problemas de concentración por sufrir unha alteración cerebral menor -MBD- frecuente en nenos hiperactivos.

Explica Kunt: "Na escola local, que é completamente gratuíta, as clases son reducidas, entre 10 e 12 alumnos. O profesorado é moi bo, pero cando hai un caso como o de Alexander está previsto asignarlle un profesor só para el."

(...) "Coa maior parte dos meus ingresos, que ascenden a 225.000 coroas anuais unha vez pagados os impostos (4,5 millóns de pesetas), pago os prazos da hipoteca da casa. Co soldo de Chris (outra cantidade semellante) pagámo-lo mantemento e cubrímo-los gastos para vivir.

En Noruega os impostos son altísimos. No noso caso a presión fiscal é dun 37 % dos ingresos brutos. Pero xusto é dicir que como contrapartida o Estado dános moitas prestacións. E hoxe o Estado é rico gracias ás reservas enerxéticas do petróleo e do gas natural", explica Kunt.

(...) A sanidade pública é inmillorable. Inclúe o que poucos países ofrecen gratuitamente: ortodoncia (asistencia dental) ata os 18 anos. Nalgúns casos tamén ofrecen psicoterapia. Os hospitais son gratuítos. Cando unha muller dá a luz, cobra o 8% do seu soldo exento de impostos durante cincuenta e dúas semanas. É obrigatorio que o pai colla seis semanas co soldo íntegro para coida-lo neno. E tamén dispón a lei que o pai se ausente do traballo tres semanas antes do parto.»

El País Semanal, 19 de febreiro de 1995

Principais liñas da intervención do estado do benestar

Denomínase Welfare State, ou estado do benestar, o sistema socio-económico que ten como base parte das teorías do economista inglés Keynes. As súas características máis salientables son:

- *O Estado intervén nos asuntos económicos para corrixir-los desequilibrios máis escandalosos e, polo tanto, defende unha sociedade máis igualitaria.*
- *Créanse empresas estatais, nacionalízanse os sectores básicos da produción (carbón, ferrocarril, banca, electricidade, transporte aéreo, etc.), en maior ou menor medida segundo os países.*

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

- Poténcianse os programas de protección ós sectores máis desfavorecidos (construcción de vivendas, becas educativas, seguro de enfermidade e desemprego).
- Para facer fronte a todas estas necesidades realizase unha política fiscal progresiva a fin de acadar los recursos necesarios. En teoría, os que máis teñen deben pagar máis para permiti-lo financiamento dos programas de axuda ós máis necesitados.

54

Le detidamente todo o documento 60 e indica por que cres que esta familia vive nun país cunha economía baseada no estado do benestar. Seguidamente, infórmate e compara as condicións que ten a familia Bronder e as que ten unha familia similar, de nivel medio, aquí en España.

Conclusións da clase



55 Traballando en equipo, completade o exercicio anterior, analizando cada unha das características do estado do benestar. Cada grupo deberá escoller unha soa delas e deberá logo explicarl-la, na posta en común, ó resto da clase. Cómpre poñer exemplos do que significa, non chega só con definilas.

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

As críticas ó sistema de benestar

Documento 61



Josep Renau, Fotomontaxe da serie
The American way of live, Fundación Josep Renau, Valencia

Documento 62

«Os marxistas pensan que a incorporación da clase traballadora ó *Welfare*, e ó sistema capitalista en xeral a través da democracia política, non representa máis que un cambio na forma da loita de clases, sendo o seu resultado negativo o avance dun sector das clases dominadas sobre os máis desfavorecidos, divorciando así os intereses de clase con efectos de aburguesamento e desmobilización.

(...) Para os conservadores, trátase de desestatalizar e despolitiza-la economía de mercado, ou sexa, restablece-las leis do mercado e a política monetaria para rebaixar considerablemente os índices de inflación, reduci-lo gasto público –a conta das políticas de benestar, e rebaixa-lo interese do capital, os impostos, para relanza-la iniciativa privada e incentiva-los investimentos.

(...) Dende o punto de vista social, pensan que se acrecentou excesivamente a burocracia e que o Estado se viu obrigado a suplir necesidades e provisións que están fóra do seu alcance e esta asistencia tan xenerosa fomentou a preguiza e o absentismo.»

J. Picó, *Teorías sobre o estado do benestar*, páxs. 9 e 16, ed. S. XXI, Madrid, 1990

O AMERICAN WAY OF LIVE. A VIDA NAS DEMOCRACIAS OCCIDENTAIS

56

Comenta a fotomontaxe de Renau do documento anterior e explica o seu significado: ¿trátase dunha sociedade igualitaria ou reflíctense nel os distintos grupos sociais? Emprega o esquema habitual de comentario.

57

Analiza en equipo as críticas que se fan ó estado do benestar. ¿En que se parecen e en que sentido se diferencian as críticas de marxistas e de conservadores? ¿Pensades que teñen sentido? Razoade a vosa resposta.

58

Facemos un resumo.

Realiza individualmente un resumo final onde reflectas as ideas fundamentais de toda a actividade. Hai que traballar, polo menos, os seguintes apartados:

- A situación económica e política dos países da Europa occidental despois da II Guerra Mundial.
- As medidas aplicadas para mellora-la súa situación con especial referencia ás diversas causas que as provocaron.
- Estado actual da situación. Modificacións e posibles elementos de debate na actualidade.

A. O principio da fin. ¿Era a URSS unha sociedade igualitaria?

Documento 63

«Esixíuselles ós comunistas doutros países que cumpriran cegamente a liña do Partido dictada por Stalin. No nome da unidade socialista tiveron que aceptar que a URSS, patria do socialismo, debía de defenderse a calquera prezo. Tiveron que cumprir-lo papel de apólogos do que a Stalin se lle ocorrera e, a mediados dos anos trinta, iso incluíu o asombroso reinado do terror que purgou a case que tódo-los vellos bolxeviques, así como a millóns de soviéticos a medida que Stalin acababa sistematicamente con toda a resistencia á súa dictadura.»

Cita da biografía de Stalin desenvolvida por H. Barbuse, e recollida por G. Durandin, *A mentira na propaganda política e na publicidade*, ed. Paidós, páxs. 385-386. Barcelona. 1990

Documento 64

«O turista que está de paso en Moscova (...) pode constatar que alí hai de todo, aceite e azucre, manteiga, salchichas, bebidas alcólicas, abrigos, calzado, roupa interior, libros, aparatos electrónicos, televisores (...) Sen embargo, algo salta á vista de inmediato ¿Por que tanta xente nas tendas da capital, tantos bolsos e mochilas cheos a rebentar de mercancías? ¿Por que esta multitude nos transportes públicos, estas colas nas paradas de taxi e esa masa de xente que dorme día e noite nas estacións? Simplemente porque a capital é unha gran privilexiada.

Nunha ocasión, volvendo de Leningrado, detivémonos á primeira hora da tarde en Proletary, unha pequeña cidade que vive da súa fábrica de louza. Os obreiros saían do traballo e diríxanse á tenda de alimentación (...) Na sección de produtos lácteos quedaban un anaco de queixo e algunhas botellas de leite; a sección de charcutería estaba baleira, o mesmo que a de carne (...) Preguntei a unha dependenta se había na cidade outra tenda de produtos alimenticios. Crendo que me mofaba dela, respondeume nun ton pouco agradable: “¿Por que mo pregunta?” Sabe moi ben que non.

A falta total de carne, de legumes, de patacas –básicas na alimentación rusa– é un fenómeno normal a pouco que un traspase as portas da capital.»

Nina e Jean Kéhayán, *A rúa do proletario roxo*, páxs. 145-147, ed. Blume, Barcelona, 1979

Documento 65

«A sociedade soviética naceu como unha promesa de igualdade, unha superación da “farsa da democracia duns poucos», en palabras do propio Lenin (documento 24). O peor que lle podía pasar ós seus cidadáns era que a desigualdade se instalara entre eles. Se a dictadura do proletariado se convertía na dictadura do Partido, mandado por uns poucos, daquela os obxectivos declarados da súa sociedade eran hipócritas e falsos, non correspondían co que se vía tódolos días nas rúas.

SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO, CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL

E así era, os membros do Partido vivían mellor, por moito que en teoría non puidesen posuír bens. ¿Que máis daba ser propietario ou non dunha segunda casa ou dun coche se se podía gozar deles ata á morte? Había tendas especiais para os membros destacados do Partido. Os fillos dos grandes prebostes estudiaban e obtiñan mellores empregos cós dos simples cidadáns e a corrupción instalouse completamente na sociedade rusa. Conseguir un permiso estatal converteuse nun problema de sobornar a alguén e as empresas mentían descaradamente para conseguir subvencións.

Todo era demasiado evidente, demasiado visible como para ignoralo. Se a todo isto engadímo-la inxenua envexa dunha sociedade occidental que parecía vivir na abundancia, comprenderase mellor o desánimo e a frustración dos soviéticos. En Occidente todos parecían ter de todo.

Só moi recentemente os rusos, os antigos soviéticos, descubriron que en Occidente non chovían os cartos. Agora, despois do tránsito brutal ó capitalismo, moitos perderon as súas vivendas, os seus traballos e a capacidade de ter unha sanidade digna ou de que os seus fillos puideran cursar estudos. Outros, a minoría, enriquecéronse escandalosamente.»

Elaboración propia

B. Buscando as razóns internas dun fracaso. Evolución socioeconómica da URSS

Documento 66

«Enterrarémoslos.»

(Frase de Jruschov para dicir que a URSS, ó final, superaría ós propios estadounidenses na produción de bens de consumo, na boa vida).

Documento 67

«Jruschov foi o máximo dirixente da URSS durante cinco anos, nos que se agravaron os problemas que xa se apuntaban no período anterior. O intento de aumenta-la produción agraria colonizando as terras de Asia Central fracasou polo clima da zona e pola falta dunha rede de almacenamento e transporte. Tampouco existía unha man de obra cualificada e o complexo mecanismo burocrático de asignación de recursos –necesitábanse permisos para todo, o mecanismo de decisión era lentísimo e o capital escaso– dificultou aínda máis o proceso. Tampouco houbo sorte, unha primavera e un verán moi fríos en 1962 destruíron a meirande parte da colleita do millo na Rusia europea, un millo que se mandou producir para substituí-lo alimento do gando, polo que tamén caeu a produción gandeira. Así Jruschov, que pretendía imita-lo sistema norteamericano de produción agraria, fracasou totalmente e, partir de 1963, tivo que importar grandes cantidades de trigo. Tampouco mellorou o nivel de vida e o consumo dos cidadáns soviéticos. Por último, en 1962, estoupou na terra o primeiro foguete destinado á Lúa, poñendo en evidencia a vantaxe inicial coa que partía a URSS na carreira espacial cos norteamericanos.»

Reelaborado a partir de E. Ucelay-da Cal e L. Veiga, *Historia Universal Planeta*, páx. 289, Vol. 12

SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO, CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL

59

A URSS xorde con vontade de ser unha comunidade igualitaria, de construí-lo comunismo. Tres dos documentos anteriores recollen determinados trazos da sociedade soviética dende os anos 30 ata o remate do comunismo. De acordo con eles, resumide os principais riscos non igualitarios desta sociedade, dando razóns que xustifiquen o voso resumo. Pódevos axudar, para realizardes este traballo en equipo, as seguintes pautas de traballo:

- ¿Había grupos de poboación privilexiada?
- ¿Existían diferencias apreciables na forma de vivir da xente?
- ¿Existía un poder autoritario e desigualmente repartido entre a poboación? ¿Todos participaban no goberno do Estado?

60

Facemos un resumo.

Intenta responder por último, como breve resumo dos apartados A e B, cales foron as previsións e cal o resultado da evolución económica da URSS despois da II Guerra Mundial.



SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO, CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL


C. Múltiples razóns para explica-la fin do comunismo

Ata en réximes profundamente escuros nos que a información pública é manipulada ou escondida nos medios de comunicación –radio, televisión, prensa– existen malestares e desequilibrios que xorden unha e outra vez ata conformar unha opinión pública hostil ó réxime político dominante. Así, na antiga URSS, producíronse ó remate dos anos 80 uns movementos de enfrontamento ó Partido Comunista –máximo órgano das decisións políticas, sociais e económicas estatais– que remataron coa caída do réxime comunista na URSS. Mais, ¿por que e dende cando? ¿Podemos rastrea-lo seu inicio no tempo?

O atraso relativo da URSS

EVOLUCIÓN SOCIOECONÓMICA COMPARADA DE ESPAÑA E A URRS ENTRE 1970 E 1991

DOCUMENTO 68*



* A porcentaxe de escolarización en educación secundaria pode ser superior ó 100% do tramo de idade recollido. Os repetidores, polo tanto, cunha idade superior ó tramo, poden subir a porcentaxe.

SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO, CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL

Guerra económica e corrupción

A produción de bens de consumo na URSS entrou en crise debido a dous grandes factores: a competencia militar con Occidente –se se fabrican moitos canóns non quedan recursos para mercar manteiga– e a corrupción e a ineficacia dos dirixentes.

Dunha banda, o financiamento e os recursos das empresas eran proporcionados polo Estado en función dos datos que estas lles proporcionaban e das necesidades do mercado soviético. As empresas, para conseguir recursos e privilexios, enganaban, distorsionaban os datos e subornaban ós funcionarios que tiñan que acceder ás súas demandas. Todo servía para conseguir los recursos do Estado e, paradoxalmente, nun Estado supostamente colectivista, as estreitas miras dos dirixentes locais, impoñíanse ó ben colectivo.

Todo isto foi possibilitado e multiplicado, en segundo termo, por producírense estes fenómenos nun estado dictatorial onde a crítica pública non podía existir. O que estaba mal –a corrupción, a mentira, as dobres contas– sabíase, pero non se facía público porque non existía prensa independente nin ningún sistema social de control.

Corrupción e dictadura permitiron que Reagan, o presidente americano, gañara unha guerra económica relativamente non sanguenta. Incapaz de competir cos EEUU, tanto na produción masiva de armamento como no nivel de consumo da poboación, o estado soviético veuse abaixo a fins dos anos oitenta.

O complexo de Disneilandia

Documento 69

Non só de pan vivíno-las persoas. O concepto de necesidade é sumamente variable. Cóntase que, varios miles de anos da nosa era, os homes dun pobo basicamente cazador-recolector que vivía no norte da Península Ibérica emprendían ariscadas viaxes exclusivamente na procura de adornos distintivos. Non todo consiste en ter cubertas as necesidades básicas, entre outras cousas porque o que nós podemos entender por básico e o que poden entender outros pobos e culturas é extremadamente variable. Os países da Europa do leste, malia ter esencialmente cubertos o alimento e os servizos sociais colectivos, tiñan grandes dificultades para conseguir un aprovisionamento de bens variable en calidade e cantidade. As grandes cotas eran normais para conseguir cousas tan elementais como o pan ou o queixo. Viaxar a un país comunista cuns simples pantalóns vaqueiros para cambiar era unha garantía de éxito. Parece que sempre querémo-lo que non posuímos e Occidente vendía, a través dos medios de comunicación, unha cantidade de bens de consumo ós que alí non podían aspirar. Incluso sabendo que non todos en Occidente podían telo todo, a convicción de que eu non ía fracasar, que serían os outros, os meus compañeiros, os que o fixerán, sobrepúñase a calquera razoamento. Paul Kauffman, un periodista secuestrado por un comando radical islámico, contaba que os seus captivos simultaneamente os seus eloxios ó Corán cos desexos de poderéense pasear por Sunset Boulevard –California– conducindo un Cadillac. Isto é o que se dev en chamar o complexo de Disneilandia.

Elaboración propia

SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO, CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL

O remate dunha ilusión

Documento 70

«A historia da humanidade está chea de numerosos episodios idealistas. Estes proxectos adoitan se-lo resultado dos soños de grandes homes. Os seus obxectivos eran nobres, e defenderon os seus esquemas sen opresión. Tales proxectos foron dirixidos sempre á mente e ó corazón dos homes, Sempre buscaron afrouxar, endexamais apertalas cadeas da opresión. E tales ideais exerceron sempre como focos de atracción, chamando ós seguidores como a luz parece chama-las bolboretas nocturnas. Pero a utopía endexamais pode ser imposta, e menos a punta de espada. Os perpetradores de tal utopía correrían a mesma sorte que os dirixentes da Unión Soviética.»

Naguib Mahfuz (premio Nobel de Literatura)

61

Analiza os datos do gráfico do documento 68 que corresponden á evolución socioeconómica da URSS. Sigue os pasos seguintes:

- ¿En que medida cambian os indicadores principais entre 1970 e 1991? ¿Existen grandes variacións? Intentade, traballando en equipo, emitir hipóteses sobre se estes indicadores de calidade de vida terían incidencia na caída da URSS.
- Estudia a segunda trama da gráfica, a que fai referencia a España ¿Acontece o mesmo que no caso da URSS? ¿Cales son as principais diferencias que observas? ¿Por que motivos cres que se pode explicar esta evolución diverxente?
- Finalmente, ¿dirías que a URSS é un estado atrasado nos anos 70? ¿Estaría en liñas xerais máis ou menos avanzado que España? ¿Terían os soviéticos cubertas as súas necesidades básicas? Razoade as respostas, recorrendo, se vos fai falta ós documentos das actividades anteriores.

SÓ QUEDA UN. A CAÍDA DO COMUNISMO, CARA A UNHA NOVA ORDE MUNDIAL


62



Facemos un resumo.

¿Que quedou e por que? Fai un resumo sobre as múltiples causas –interiores e exteriores– que motivaron a caída do comunismo e a descomposición da URSS. Razona e dá argumentos sobre os temas seguintes:

- ¿Como pensas que vivía a sociedade soviética nos anos 70? (podes basearte nos indicadores de calidade de vida do documento 68).
- ¿Cales eran os principais problemas internos da sociedade comunista? (non chega con sinalalos, cómpre indicar tamén os seus efectos no conxunto da sociedade e na forma de vivir).
- ¿Cales eran os principais problemas externos da URSS?
- Intenta explicar que é o complexo de Disneilandia e a súa posible existencia actual na sociedade española.
- Fai, por último, un balance persoal final sobre os logros e os problemas da sociedade comunista. Valora persoalmente os seus avances e os seus retrocesos en función dos teus argumentos e das túas opinións.



Subvencionado pola Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Política Lingüística.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

